

Vulnerabilidade e Bio \times ética

 Consello de Bioética de Galicia  9:00 a 14:00 e 16:30 a 20:00  Salón de Actos da Consellería de Sanidade → Edificio Administrativo San Lázaro, s/n → Santiago de Compostela

08:30 ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN

09:00 **INAUGURACIÓN**

RELATOR > Jesús Vázquez Almuíña
Conseleiro de Sanidade

09:15 **PRESENTACIÓN**

RELATOR > José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia

CONFERENCIA DE APERTURA

09:30 **O bo coidado**

10:30 María Teresa López de la Vieja → Universidad de Salamanca

MESA REDONDA

10:30 **Coidar a tempo, coidar no tempo**

12:00 Experiencias de planificación anticipada das decisións

MODERADORA → María Ponte García → Consello de Bioética de Galicia

Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez
Centro de salud de Almajayár. Granada.
SERVICIO ANDALUZ DE SALUD

País vasco

Iñaki Saralegui Reta
Hospital Universitario de Araba.
OSAKIDETZA

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago
Carmen Carballada Rico
Área sanitaria de Ferrol.
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

12:00
DESCANSO

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO SOBRE

12:30 **Vulnerabilidade (CBG)**

13:00 Ana Guillén Vilanova → Mónica Suárez Berea → Consello de Bioética de Galicia

16:30

17:00

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO SOBRE

Confidencialidade (CBG)

MODERADORA → Natalia Cal Purriños → Isabel Vila Iglesias → Consello de Bioética de Galicia

MESA REDONDA

17:00

18:30

Aprender a mirar

para saber coidar á ancianidade

MODERADORA → Irene Esperón Rodríguez → Consello de Bioética de Galicia

13:00 **Comunicacións**

14:00 MODERADORA → Carmen Ramil Fraga → Consello de Bioética de Galicia

A atención persoalizada

José Manuel de Toro
Medicina interna. EOXI de Ourense

A mirada interior

Águeda Rojo Pantoja
Psicoxeriatría. EOXI de Vigo

A intervención social

María Jesús Goikoetxea
Profesora de Ética e Bioética.
Universidad de Deusto (Bilbao)

14:00
DESCANSO

18:30

DESCANSO

CONFERENCIA DE CLAUSURA

19:00

20:00

Coidar o final, coidar ata o final

Marc Antoni Broggi → Comité de Bioética de Catalunya

XUNTA DE GALICIA

XORNADA

Vulnerabilidade e Bioética

EDICIÓN BILINGÜE

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade-Secretaría Xeral Técnica- Consello de Bioética de Galicia
Santiago de Compostela
2017

Integran o CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA:

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Ana Concheiro Guisán

Teresa Conde Cid

Olivia Díez Lindín

Irene Esperón Rodríguez

Ana Guillén Vilanova

Xurxo Hervada Vidal

Victoria Lojo Vicente

María Ponte García

Carmen Ramil Fraga

Antonio Rodríguez Núñez

Alberto Ruano Raviña

Silvia Sánchez Radío

José Antonio Seoane Rodríguez

Carmen Solloso Blanco

Mónica Suárez Berea,

Alfredo Valdés Paredes

Isabel Vila Iglesias

Edita_Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral Técnica-Consello de Bioética de Galicia

Lugar_Santiago de Compostela

Ano_2017

Deseño e maquetación_KRISSOLA DESEÑO, S.L.

	G	C
9:00 → 09:15 INAUGURACIÓN	VULNERABILIDADE E BIOÉTICA Jesús Vázquez Almuíña → 5	VULNERABILIDAD Y BIOÉTICA Jesús Vázquez Almuíña 143 ←
9:15 → 09:30 PRESENTACIÓN	VULNERABILIDADE E BIOÉTICA José Antonio Seoane → 9	VULNERABILIDAD Y BIOÉTICA José Antonio Seoane 144 ←
9:30 → 10:30 CONFERENCIA DE APERTURA	COIDADADO E VULNERABILIDADE María Teresa López de la Vieja → 13	CUIDADADO Y VULNERABILIDAD María Teresa López de la Vieja 146 ←
10:30 → 12:00 MESA REDONDA	COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO Experiencias de planificación anticipada das decisións → 29 María Ponte Garcia	CUIDAR A TIEMPO, CUIDAR EN EL TIEMPO Experiencias de planificación anticipada de las decisiones → 29 María Ponte Garcia
	Andalucía Miguel Melguizo Jiménez → 31	Andalucía Miguel Melguizo Jiménez 156 ←
	País Vasco Iñaki Saralegui Reta → 37	País Vasco Iñaki Saralegui Reta 159 ←
	Galicia Eugenia Ameneiros Lago Carmen Carballada Rico → 39	Galicia Eugenia Ameneiros Lago Carmen Carballada Rico 160 ←
12:30 → 13:00 PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO	VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ Ana Guillén Vilanova Mónica Suárez Berea → 65	VULNERABILIDAD EN LA POBLACIÓN ANCIANA Ana Guillén Vilanova Mónica Suárez Berea 174 ←
13:00 → 14:00 COMUNICACIÓNS	COMUNICACIÓNS Carmen Ramil Fraga → 69	COMUNICACIONES Carmen Ramil Fraga 176 ←
16:30 → 17:00 PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO	ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA Natalia Cal Purriños Isabel Vila Iglesias → 85	ÉTICA EN EL ACCESO Y EN EL USO DE LA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA Natalia Cal Purriños Isabel Vila Iglesias 183 ←
17:00 → 18:30 MESA REDONDA	APRENDER A MIRAR PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE Irene Esperón Rodríguez → 91	APRENDER A MIRAR PARA SABER CUIDAR A LA ANCIANIDAD Irene Esperón Rodríguez 185 ←
	Atención persoalizada José Manuel de Toro → 92	Atención personalizada José Manuel de Toro 185 ←
	Unha mirada interior Águeda Rojo Pantoja → 100	Una mirada interior Águeda Rojo Pantoja 190 ←
	A intervención social María Jesús Goikoetxea → 114	La intervención social María Jesús Goikoetxea 198 ←
19:00 → 20:00 CONFERENCIA DE CLAUSURA	COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL Marc Antoni Broggi → 139	CUIDAR AL FINAL, CUIDAR HASTA EL FINAL Marc Antoni Broggi 213 ←

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños

Isabel Vila Iglesias

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR *PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE*

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

09:00 → 09:45

INAUGURACIÓN

Inauguración

RELATOR → Jesús Vázquez Almuiña
Conseheiro de Sanidade

Sr. Fuentes Losada, secretario xeral Técnico da Consellería de Sanidade, Sr. Seoane Rodríguez, presidente do Consello de Bioética de Galicia, señoras e señores,

Bo día, grazas a todos pola vosa asistencia a esta xornada.

Hai cinco anos, neste mesmo salón de acto declaramos que a Bioética é un instrumento da calidade para a atención sanitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia, polo que podemos considerar o Consello de Bioética de Galicia como o seu gran valedor.

No primeiro dos seus documentos, O conflito de intereses no ámbito da saúde (2016), ocupouse con rigor dun tema difícil e controvertido coa finalidade de aclarar conceptos, estimular o debate social e orientar o labor dos profesionais.

Hoxe, un ano despois, continúa a análise de temas estratéxicos para a organización sanitaria galega coa presentación da Ética no acceso e no uso da documentación clínica.

Complementa así unha liña de traballo iniciada pola Comisión Galega de Bioética, confirmando que os argumentos éticos seguen a ser necesarios para promover unha cultura da confidencialidade no sistema de saúde de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia foi vangardista na regulación e implantación da historia clínica electrónica (HCE) e na incorporación de novas tecnoloxías de xestión da información sanitaria.

O seu sistema recibiu un nome acertado e premonitorio, IANUS, o deus romano das portas e dos accesos, representado con dúas caras. Esta ferramenta posibilitou o acceso á información de profesionais e pacientes dende calquera punto do sistema, e ao mesmo tempo aumentou as posibilidades, o risco de accesos e usos non adecuados.

Esta preocupación foi o motor das recomendacións do Consello de Bioética de Galicia, que responden aos principais interrogantes e conflitos sobre o emprego da historia clínica e demostran a utilidade da Bioética para os profesionais.

Pero a actividade do Consello no 2017 non se limitou a esta guía ética, senón que puxo en marcha unha liña de traballo sobre vulnerabilidade, con especial atención á poboación anciá.

O Consello continúa coa análise de temas en consonancia cos obxectivos estratéxicos da consellería, neste caso na procura dunha atención axeitada ao proceso de envellecemento da poboación, e anunciamos a presentación do seu novo documento sobre este tema para comezos de 2018.

Precisamente do coidado da vulnerabilidade trata esta xornada, na que contamos cos mellores especialistas nacionais e galegos na materia.

Hoxe debateremos sobre a importancia do tempo no coidado, e de como as experiencias de planificación anticipada das decisións amosan vías prometedoras para mellorar o coidado da saúde.

Tamén abordaremos a importancia da mirada, do espazo e das persoas, cada unha diferente e merecedora dunha atención individualizada e personalizada.

Ao final, como reflicten os títulos das conferencias de apertura e clausura, poderemos coñecer mellor o significado do bo coidado, que implica non deixar de coidar, coidar ata o final.

Moitas grazas.

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade
Consellería de Sanidade, 26 de outubro de 2017

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

vulnerabilidade e bioética

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños

Isabel Vila Iglesias

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

09:15 → 09:30

PRESENTACIÓN

Vulnerabilidade e Bioética

RELATOR → José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia

Compráceme intervir en representación do Consello de Bioética de Galicia para presentar a súa segunda xornada anual, *Vulnerabilidade e Bioética*, e comezar cos merecidos agradecementos: á secretaria e aos vogais do Consello de Bioética de Galicia; á Consellería de Sanidade e á Secretaría Xeral Técnica; ás presentadoras e moderadoras; aos relatores e conferenciantes; aos comunicantes; aos asistentes; e a todas as persoas que contribuíron á preparación dos nosos documentos e desta xornada.

O Consello de Bioética de Galicia é un órgano colexiado de carácter permanente, consultivo, interdisciplinar e independente ao que lle corresponde, segundo a súa Orde reguladora do 16 de outubro de 2015, asesorar a Administración e os profesionais da saúde, promover no ámbito sanitario a formación e a consideración da Bioética como criterios de calidade e boa práctica profesional, e contribuír á información e favorecer o debate da cidadanía sobre as dimensións éticas e sociosanitarias da práctica asistencial.

Para cumprirmos tal finalidade eliximos e definimos liñas de traballo que desembocan en documentos de reflexión e recomendacións e na realización de xornadas como a de hoxe.

Mais antes cómpre subliñar outra característica do noso labor neste segundo ano, no que agromou a REDECABE, é dicir, a Rede dos Consellos, Comisións e Comités autonómicos de Bioética y do Comité de Bioética de España. O 10 de marzo de 2017 exercemos de anfitrións en Santiago de Compostela e contribuímos a darlle un pulo á Rede e á colaboración con outros órganos autonómicos.

Porén, a nosa principal preocupación ao longo deste ano foi o estudo da vulnerabilidade, en concreto a que se manifesta na etapa final das nosas vidas, cando alcanzamos a idade anciá, sexa esta cal for. Mónica Suárez e Ana Guillén exporán máis tarde o labor do Consello neste ámbito, e durante a xornada teremos tempo de reflexionar e debater sobre ela.

O noso programa de traballo apunta ao coidado da vulnerabilidade humana. E isto merece unha breve explicación. Os seres humanos somos animais racionais e dependentes (Alasdair MacIntyre), susceptibles de sermos danados a causa da nosa condición e tamén polas nosas actuacións. Non é a vulnerabilidade ontolóxica senón a vulnerabilidade sociopolítica, derivada das nosas eleccións, a que demanda a nosa resposta ética.

Bioética

Se coidar ben depende das nosas decisións, un xeito acaído semella ser capaz de anticiparse. O ser humano é un animal previsor, que planifica e proxecta, conectando pasado, presente e futuro. Xa que logo, a planificación anticipada das decisións –obxecto da primeira mesa– aparece como un ámbito prometedo para reducir a vulnerabilidade.

Reducir e coidar a vulnerabilidade significa promover a saúde, entendida como a capacidade para perseguir os fins vitais e participar na vida social. Esta noción biospiciosocial (OMS 2001) si é autenticamente humana, a diferenza da inalcanzable definición de saúde da década dos corenta (OMS 1946) como estado de completo benestar físico, psíquico e social, e non só a ausencia de afeccións ou enfermidade. No que agora importa, a nova definición incorpora a vulnerabilidade e a dimensión social de coidado: quen non coida nin é coidado non é plenamente humano. E o profesional asistencial que non contempla as necesidades singulares de cada paciente desde a perspectiva do coidado deixa á marxe un elemento distintivo da excelencia profesional. Disto se ocuparán a segunda mesa e as conferencias de apertura e de clausura.

O Consello non traballa no baleiro, e aproveita as achegas da súa predecesora, a Comisión Galega de Bioética. Así sucede dun xeito directo con *Ética no acceso e no uso da documentación clínica. Reflexións e recomendacións* (2017), unha guía con vocación práctica que quere orientar desde a Ética a nosa actuación e mostrar as razóns existentes para abrazar unha cultura da confidencialidade en relación coa documentación clínica.

Tampouco me corresponde a min presentar este documento, tarefa que desenvolverán cumpridamente Natalia Cal e Isabel Vila, pero si quero subliñar unha característica que reflicte a evolución do Consello nesta segunda anualidade. Este documento é un froito audaz e maduro dun xenuíno proceso deliberativo, no que os membros do Consello propuxemos e cuestionamos libremente os nosos propios argumentos ata alcanzar respostas prudentes e universalizables.

Bioética

A inclusión da confidencialidade nesta xornada non é arbitraria nin contingente. Ao contrario, ten pleno sentido, pois o documento amosa outra clase de vulnerabilidade individual e sistémica, unha vulnerabilidade informativa, influída pola tecnoloxía e pola cultura.

Nos seus documentos e na súa actuación o Consello entende a Bioética como disciplina que analiza racionalmente os valores e os aspectos éticos presentes na saúde, a enfermidade, a vida e a morte dos seres humanos, e as súas relacións cos restantes seres vivos. As dúas liñas de traballo presentadas hoxe, confidencialidade e vulnerabilidade, toman en consideración os distintos niveis da deliberación bioética, pero engaden un cuarto nivel explicativo aos tres niveis habituais:

- 1) *O que é ou existe:* a realidade, as cousas, os feitos.
- 2) *O que debería ser:* o ideal, representado polos valores.
- 3) *O que debe ser:* a norma, o máximo común, os valores compartidos.
- 4) *O que é como debería ser:* a excelencia, a profesionalidade, a exemplaridade.

Como temos expresado con anterioridade, o Consello de Bioética de Galicia pretende mostrar e examinar criticamente a dimensión ética da práctica sanitaria para consolidar unha mirada bioética no exercicio profesional e o funcionamento das institucións. O seu propósito é que os profesionais e o enteiro sistema de saúde de Galicia alcancen o cuarto nivel e sexan como deberían ser, isto é, un exemplo de excelencia.

José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia
Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

...coidado e vulnerabilidade

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños

Isabel Vila Iglesias

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

09:30 → 10:30

CONFERENCIA
DE APERTURA

Coidado e vulnerabilidade

RELATORA → M.^a Teresa López de la Vieja
Catedrática de Filosofía Moral
Universidade de Salamanca

Resumo

A maioría das persoas con enfermidades dexenerativas e en situación de dependencia demostra como de profunda pode ser a brecha entre a necesidade de coidados e a resposta efectiva, tanto no ámbito privado como desde as políticas públicas. Neste artigo expónse a asimetría entre dous principios xerais, o coidado e a vulnerabilidade. (1) A través dun caso –o da Sra. Bayley– aquí considérase o fráxil equilibrio destes dous principios, (2) habería, polo menos, tres argumentos sobre a dificultade de trasladar á práctica o coidado de persoas vulnerables ou dependentes, (3) a distribución dos coidadores informais sería razón suficiente para ter en conta outro principio, a xustiza. O obxectivo sería deseñar ou reforzar programas de atención a persoas vulnerables e dependentes, con coidadores profesionais e non profesionais. En suma, a diferenza entre unha versión convencional, distorsionada, e o “bo” coidado estaría na distribución equitativa das tarefas e as responsabilidades.

Palabras clave

Bioética, coidado, vulnerabilidade, xustiza, dependencia, xénero

Bioética

Introdución

“Ao aplicar e fomentar o coñecemento científico, a práctica médica e as tecnoloxías conexas, deberíase ter en conta a vulnerabilidade humana. Os individuos e grupos especialmente vulnerables deberían ser protexidos e deberíase respectar a integridade persoal dos ditos individuos”¹.

No ano 2005, a UNESCO adoptou a *Declaración Universal sobre Bioética e Dereitos Humanos*, con obxecto de fixar o marco de principios universais, que se vai aplicar no ámbito da medicina e as ciencias da vida. Ademais de vincular en modo expreso as cuestións de bioética cos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, o documento incluía a vulnerabilidade entre os principios básicos. A dimensión psicosocial da saúde é relevante para a análise bioética e, por iso, este ha de ter en conta as condicións daquelas persoas que necesitan especial protección. O marco teórico aceptado desde hai décadas para deliberar sobre a práctica clínica e a investigación pode ser máis amplo, de aí a consideración dos intereses das xeracións futuras e dos non humanos, tamén a protección do medio ambiente ou a situación das mulleres, temas aos cales se refire a Declaración do 2005. O respecto e a protección dos grupos máis vulnerables están tamén no documento da UNESCO.

No 2010 e dentro do Plan de actuación social, a Xunta de Galicia presentou o programa destinado á formación dos cuidadores non profesionais de persoas con demencias. O obxectivo era ofrecer pautas para quen se faga cargo destes pacientes dentro da súa contorna, na familia. En lugar destacado estaban o respecto pola autonomía dos enfermos e o fomento da súa independencia. O manual non pasaba por alto os problemas e riscos que adoitan afectar os cuidadores, empezando pola sobrecarga que pesará sobre quen asuma a responsabilidade, como cuidador ou cuidadora principal. De aí a recomendación

¹ UNESCO: *Declaración Universal sobre Bioética y Derechos Humanos* (2005), artículo 8

bioética

básica que adoita facerse a estas persoas, co fin de que estean en condicións de atender os enfermos: o autocoidado é importante.

En xeral, as demencias someten a dura proba tanto aos enfermos como a quen asume a responsabilidade de atendelos. Aínda por riba, a situación da maioría das persoas con enfermidades dexenerativas e en situación de dependencia mostra como de profunda pode ser a brecha entre a necesidade de coidados e, doutra banda, a resposta efectiva ante esta necesidade. As carencias danse tanto no ámbito privado como nas políticas públicas. Por esta razón, no artigo expónse a asimetría entre os dous principios xerais, o coidado e a vulnerabilidade. (1) A través dun caso coñecido e documentado –o da Sra. Bayley– aquí considérase o fráxil equilibrio destes dous principios, sobre todo no caso de enfermos que dependen doutros; (2) habería, polo menos, tres argumentos sobre a dificultade de pasar do recoñecemento da vulnerabilidade ao coidado das persoas vulnerables ou dependentes, (3) a información sobre a actual distribución dos coidados e, sobre todo, a dos coidadores –coidadoras, no seu maior parte– ofrece razóns suficientes para ter moi en conta outro principio de bioética, a xustiza.

O obxectivo sería deseñar e, chegado o caso, reforzar políticas de saúde e programas de atención a persoas en situación de dependencia, con coidadores formais ou profesionais e con apoio efectivo aos coidadores non profesionais. En suma, a diferenza entre unha versión convencional –con rumbo de xénero ademais– e o “bo” coidado estaría na repartición equitativa, xusto, da atención aos pacientes, as tarefas e, tamén, as responsabilidades.

ética

1. Un caso

A perda de memoria e de concentración empezouse a notar no ano 1994². A partir de entón, os síntomas da deterioración da memoria e da linguaxe foron en aumento. Máis tarde, os especialistas diagnosticaron que a Sra. Bayley estaba enferma, con síntomas claros de Alzheimer. A súa nai tamén padecera a enfermidade. O Sr. Bayley fíxose cargo da casa, de levar a enferma ao especialista, de estar con ela e coidala. Os servizos sociais advertiron que as condicións, e mesmo a hixiene no fogar dos Bayley, non eran talvez as máis adecuadas, pero ela parecía tranquila, e mostraba a súa desconfianza ante os estraños. Só ao final, co avance da enfermidade, o médico recomendou o traslado da paciente a un centro onde puidese recibir os coidados necesarios. Ela faleceu pouco despois, en 1999. John Bayley publicou o relato da enfermidade, a vida cotiá coa enferma e, en fin, como o Alzheimer fora apropiándose de Iris, a Sra. Bayley.

O libro tivo gran difusión, a historia suscitou interese porque Iris fora profesora de Filosofía, ensaísta e famosa escritora: Iris Murdoch. El, John, tamén profesor en Oxford e escritor, contou con detalle como a enfermidade acabou destruíndo, paso a paso, a gran personalidade e intelixencia brillante de Iris³. Deixo tamén constancia da súa propia experiencia como coidador e das tensións e cargas que atafegan as persoas que atenden os enfermos con Alzheimer. As últimas fases resultan especialmente duras para quen atende as persoas que sofren deterioración cognitiva e funcional con alteración da conduta, pola demencia. Estes pacientes acaban dependendo por completo dos coidados e, en fin, da responsabilidade doutros. En cada caso, o proceso será diferente ou terá ritmos diferentes; pero a deterioración das distintas funcións marcará a todos os pacientes e, en especial, os afectados polo Alzheimer.

2 Bayley, J., (2000) 8, pp. 227-238

3 Bayley, J., (2000), Part. II, pp. 254-262

Bioética

É, quizais, unha das enfermidades que máis incapacitan a quen a padece e maior sufrimento xeran na súa contorna. Ao longo de todas as fases da deterioración, ha de quedar claro que os dereitos dos pacientes deben ser respectados. Mesmo en etapas avanzadas da demencia, estes poderán tomar decisións⁴, algunhas decisións, por básicas que sexan; por exemplo, poderán mostrar de maneira inequívoca –aínda que de formas distintas– as súas preferencias sobre a alimentación e a mobilidade. A súa autonomía conta, aínda sendo proporcional, gradual e mesmo residual. Haberá, entón, varios niveis ou escalas de autonomía, dependendo do estado dos pacientes.

Por iso é tan importante a figura da persoa que representa ou substitúe en certo momento ao paciente na toma de decisións, para defender os intereses deste. O coidador principal –polo xeral, a coidadora–, será clave para o correcto acompañamento de quen padece Alzheimer. Pero coidalos e acompañalos non serán tarefas fáciles. Este tipo de enfermidades son devastadoras para os enfermos, do mesmo xeito que para as persoas da súa contorna. A análise de casos como o de Iris Murdoch e o de calquera persoa con algún tipo de demencia pode facerse a partir do marco habitual en bioética. É dicir, a partir dos principios de autonomía, beneficencia, non-maleficencia e xustiza. Agora ben, os principios complementarios, como son a vulnerabilidade e o coidado, responden o intento de ampliar ese marco; deste xeito, podería mellorar a comprensión dos problemas de saúde e, ante todo, a atención a quen sofre unha importante deterioración e son vulnerables, como ocorre cos enfermos que padecen Alzheimer.

1.1. → Vulnerables

A investigación sobre demencias e enfermidades dexenerativas ha de ser apoiada, aínda non hai información suficiente nin concluínte sobre a orixe e as causas destas patoloxías. A investigación e o respecto polas persoas máis necesitadas de especial protección, vulnerables, estaban entre os obxectivos da

4 Boada, M., Robles, A. (2009), pp. 13-17.



Declaración Universal sobre Bioética e Dereitos Humanos. Naquel momento, era importante ampliar a perspectiva, co fin de que as cuestións de bioética atopen resposta, máxime se afectan a persoas que requiren protección ou dependen doutros. Con todo, as posibles aplicacións do principio de vulnerabilidade son aínda obxecto de debate, xa que se trata dunha noción de perfís algo difusos. Por exemplo, na mesma *Declaración*, este concepto se solapábase coa integridade persoal ou coa incapacidade para exercer a autonomía ⁵.

Que significa “vulnerabilidade”? Segundo a definición da Real Academia, vulnerable é quen pode ser ferido ou recibir lesión, física ou moralmente. O Consello das Organizacións Internacionais das Ciencias Medicas (CIOMS) utiliza unha definición sinxela ao referirse á investigación con seres humanos: serán vulnerables ⁶ aqueles que non poidan protexer os seus intereses. Existen, ademais, varios factores de risco, como a incapacidade para dar consentimento, relacións de subordinación, estar institucionalizados ou riscos específicos para as embarazadas e para as mulleres en xeral. En bioética e en ética da investigación, o principio foi recibido de formas distintas, con argumentos favorables á inclusión da vulnerabilidade –como na *Declaración* do 2005–, entendida, iso si, en forma relacional ou que considere tamén aspectos sociais ⁷. Doutra banda, están os comentarios críticos sobre a utilidade real deste principio ⁸. Hai maior acordo sobre a necesidade de identificar os factores, analizar de forma sistemática as circunstancias ⁹ e, está claro, as persoas para considerar como vulnerables. As mulleres poden selo en determinadas situacións¹⁰. Este enfoque apartaríase, entón, da tese xeral, segundo a cal a pertenza a un grupo sería, por si mesma, criterio suficiente para avaliar a capacidade individual para protexer intereses ou padecer danos.

5 UNESCO: *Declaración Universal sobre Bioética e Dereitos Humanos* (2005), artigo 5

6 CIOMS (2016), Guideline 15, p. 57

7 Luna, F. (2009), (2011); Kottow, M. (2004); Ten Have, H. (2015); Herring, J. (2016)

8 Levine, C., Faden, R., Grady, Ch., (2004)

9 Macklin, R. (2012)

10 Macklin, R. (2003)

ca

As definicións de vulnerabilidade adoitan ser amplas –posibilidade de ser feridos, ser danados por outros, incapacidade para defender intereses etc.–, mesmo cando están moi documentadas¹¹ ou diferencian entre tipos de vulnerabilidade. Un pode ser permanente¹² ou máis persistente e outro máis variable¹³. As dúbidas refírense polo xeral a como trasladar o principio de vulnerabilidade a situacións e a casos concretos. A súa aplicación sería aínda máis complicada cando se trate de persoas incapacitadas para protexer algúns dos seus intereses, pero en condicións de defender outros. En tales casos, a visión gradualista será a máis adecuada, da mesma forma que a autonomía é proporcional, gradual, segundo sexa a deterioración causada polo Alzheimer.

Cabe dicir o mesmo do coidado, dependerá do estado de quen sufra algún tipo de demencia e da fase da enfermidade. Entón por que resulta tan problemático? Á marxe das consideracións sobre a natureza e duración dos coidados para proporcionar, constatar a vulnerabilidade ou incapacidade de alguén para defender os seus intereses non sempre implica actuar en consecuencia, para atendelo, facerse cargo del ou dela. Por que, como e ata cando se asumirá tal responsabilidade? É dicir, recoñecer a vulnerabilidade dunha persoa non leva a asumir obrigas. Moitos casos reais demostran que, en efecto, non existe relación directa entre vulnerabilidade e coidado.

“Coidar” significa asistir, gardar, conservar. O dicionario da RAE refírese expresamente á actividade de coidar a un enfermo. Agora ben, os coidadores, sobre todo os coidadores informais –son a maioría– adoitan vivir a situación de maneira paradoxal, entre a responsabilidade e o sufrimento. Quen asumirá

11 Schroeder, D., Gefenas, E. (2009)

12 UNESCO (2013) p. 13

13 O'Neill, O. (1996) pp. 191-194

Bioética

a carga dos coidados? Non hai dúbida de que as demencias e, desde logo, o Alzheimer alteran por completo a existencia de todos, os enfermos e as persoas que os atenden. Así foi no caso de Iris Murdoch, como quedou reflectido no relato do seu marido, J. Bayley ¹⁴.

2. Tres argumentos

“As enfermidades que cursan con trastornos cognitivos e demencia caracterízanse pola súa longa evolución e por ocasionar un grande impacto no contorno sociofamiliar das persoas que as sofren. Estamos diante de doenzas que conducen a situacións de dependencia progresiva.” ¹⁵

O documento da Xunta de Galicia para a formación de coidadores enumera tanto os principais síntomas das demencias como, doutra banda, as cargas para quen atenda aos pacientes. Os aspectos prácticos do coidado e mesmo do autocoidado –para as persoas que se ocupan dos enfermos– están tamén recollidos no manual da Xunta. As recomendacións baséanse, con todo, no suposto que das intervencións sempre terán lugar no ámbito privado, grazas ao apoio da familia ou da contorna inmediata. Por tanto, o documento, está dirixido a un tipo de coidadores, os non profesionais ou informais¹⁶.

“Coidador”, o que cuida, pode facelo de dúas maneiras distintas, de forma profesional ou de forma non profesional, non vinculada a un servizo, tal como especifica a Lei 39/2006 ¹⁷. Ademais disto, convén distinguir entre o uso común do termo –para moitas situacións e contextos, non só o ámbito da saúde– e o “coidado” no modelo de ética, proposto por C. Gilligan. “Coidado”, no seu sentido moral, significa entón responsabilidade nas relacións, antes que respecto

14 Bayley, J., (2000), Part II, pp. 271-278; López de la Vieja, M.T. (2013) pp. 77-121

15 Xunta de Galicia (2011) p. 13

16 Xunta de Galicia (2011) pp. 137-152

17 Lei 39/2006, do 14 de decembro, art. 2



estrito por dereitos e regras¹⁸. Mantén así a conexión entre o eu e os outros. Responde a unha maneira distinta de entender o desenvolvemento moral, para solucionar dilemas e, en fin, para evitar posibles danos. Non equivale a sacrificio, no sentido máis convencional e duro, porque o coidado debe incluír no dilema e na súa solución a persoa que cuida. Polo xeral, está será unha muller; xa que case sempre o coidado foi considerado tarefa feminina. Non ten por que ser así, xa que o principio do coidado corresponde a unha visión alternativa –outra voz, segundo C. Gilligan–, pero non tradicional nin convencional, da moralidade.

En todo caso, o acento está nas relacións, na responsabilidade ante as necesidades dos demais; para iso fará falta asumir e valorar de forma positiva a interconexión ou a interdependencia entre os axentes. Trátase, por tanto, de responsabilidade nas relacións, non de dereitos que hai que cumprir. Pode deducirse de todo o anterior que a conexión entre o principio de coidado e o de vulnerabilidade resultará problemática. O será por varias razóns:

(1.ª) → O argumento da universalidade refírese á validez dos principios. A súa aplicación é asunto distinto; por exemplo, se todas as persoas son consideradas vulnerables ou o son nalgún momento da súa vida quen, cando e como prestarán os coidados necesarios? De aí o interese dunha versión reducida, non xenérica, da vulnerabilidade. Sucede o mesmo co principio de coidado. Facerse cargo ou asumir a responsabilidade cara a outros será posible dentro dun marco determinado, para certas relacións e durante un tempo definido. O certo é que as prácticas de coidado son moi esixentes, requiren considerable esforzo, tempo e dedicación. Estarán dirixidas, entón, a alguén ou algo en particular e serán asumidas por axentes concretos. Por iso non é o mesmo o coidado ou preocupación xeral que o coidado selectivo¹⁹; neste as relacións

18 Gilligan, C. (1982) pp. 73-75

19 O'Neill, O. (1996) pp. 195-196

Bioética

serán directas, cara a cara²⁰. De feito, as persoas en situación de vulnerabilidade poden atoparse con respostas moi distintas: recoñecer a súa situación non implica atendelos, coidalos como merecen. Sen esquecer que vulnerabilidade e coidado, como outros principios, están a un nivel distinto ao das regras de actuación²¹ e, logo, o das boas prácticas. É máis, non cabe unha aplicación simple de ningún principio; antes de tomar decisións, cada un dos casos requirirá un proceso de deliberación²².

(2.^a) → **Recoñecer a vulnerabilidade de alguén non xera obrigas específicas;** ademais, o coidado formaría parte do “supererogatorio”²³. É dicir, trátase de condutas que son estimables, meritorias, a valorar positivamente. Pero non son esixibles, en sentido estrito; caso de selo por algunha razón, non o serán para todos os axentes. Non son obrigacións, deberes, tampouco teñen carácter universal; estarán, por tanto, no ámbito da excelencia, as virtudes. Ao tratarse de condutas voluntarias, adoita apelarse entón á solidariedade, a xenerosidade, o altruísmo etc., de quen teña a vontade de asumir o coidado doutras persoas²⁴. As obrigas ou o deber de coidar estarían contemplados só para situacións ou relacións especiais. Isto é, as persoas en situación de vulnerabilidade ou dependencia requiren respecto e protección dos seus dereitos; con todo, existe unha distancia considerable entre a demanda de atención e coidados e, logo, o deber de coidar. A Lei 39/2006 demostra que fai falta organizar un sistema específico de servizos sociais, con obxecto de atender a persoas en situación de dependencia. Será, ademais, necesario destinar recursos suficientes para manter o sistema de atención a persoas que xa non poidan coidar de si mesmas nin defender os seus intereses. Trátase, por tanto, de programas e políticas públicas, non só de relacións interpersoais.

20 Noddings, N.: (2003), pp. XIII-XVI

21 Dworkin, R. (1967); Alexy, R. (2014)

22 Seoane, J. A. (2016), pp. 91-94

23 Feinberg, J. (1961)

24 Engster, D.: (2005)

1 ética

(3.^a) → **Quen cuida?** A distribución dos cuidadores sería outro argumento para poñer de manifesto cales son os límites da vulnerabilidade e do coidado. É unha cuestión fáctica: a maioría dos cuidadores informais e boa parte dos profesionais son mulleres, cun perfil similar. A documentación da Xunta de Galicia refírese ao perfil máis habitual: muller, ao redor de cincuenta anos, ama de casa, con outras cargas familiares etc.²⁵ Os cuidadores son, en fin, “as coidadoras”. É un feito e, logo, expón cuestións normativas²⁶.

A probabilidade de que sigan en aumento as enfermidades dexenerativas e as demencias, como xa ocorre co Alzheimer, representa un desafío importante. O é e non só para a saúde, tamén para as políticas públicas. Os prognósticos sobre envellecemento e dependencia na poboación suscitan incerteza e moitas preguntas que, por agora, carecen de resposta clara. Haberá, con seguridade, maior demanda de coidados e de cuidadores cales son as estratexias actuais para facer fronte a estas demandas? Están preparados os sistemas de saúde? Hai alternativa para os coidados que se sosteñen sobre relacións asimétricas e desiguais? No futuro quen coidará?

3. Distribución do coidado. Algunhas conclusións

“A ética do coidado non é unha ética feminina, senón feminista, e o feminismo guiado por unha ética do coidado podería considerarse o movemento de liberación máis radical –no sentido de que chega á raíz– da historia da humanidade. Ao desprenderse do modelo binario e xerárquico do xénero, o feminismo non é un asunto de mulleres, nin unha batalla entre mulleres e homes, senón o movemento que liberará a democracia do patriarcado”²⁷.

25 Xunta de Galicia (2010) p. 26

26 López de la Vieja, M.T. (2004) pp. 43-52

27 Gilligan, C.: *La ética del cuidado* (2013), p. 31

ética

Resulta difícil evitar o rumbo de xénero na distribución dos coidados. Os coidados non profesionais, non formais, adoitan recaer nas mulleres; este feito ten e terá consecuencias importantes para quen padeza enfermidades dexe-nerativas ou acaben sendo dependentes. Para empezar, é importante marcar as diferenzas entre a maneira tradicional de entender o coidado e a forma non discriminatoria, sen explotación²⁸ –“feminista”, como prefire dicir C. Gilligan–, para que a responsabilidade e a atención dedicada aos demais non esixa o sacrificio da propia saúde ou dos proxectos individuais. A persoa que atende a outras necesita tamén coidar de si mesma. Con todo, a liña que separa a forma convencional da que inclúe o autocoidado pode ser bastante débil, xa que os papeis atribuídos polo común a mulleres e a homes xeraron expectativas e presións, directas ou indirectas. Os datos dispoñibles sobre coidadores non profesionais resultan bastante elocuentes a este respecto.

Está por coñecer os custos reais –son aínda custos invisibles– que estas diferenzas de xénero teñen para a saúde e o benestar das mulleres coidadoras. Por iso, convén ter presente outro principio que é fundamental en bioética: a xustiza. Toda persoa necesitará nalgún momento da súa vida de coidados, non cabe dúbida. Pero o “bo coidado”²⁹ non tería que depender da división tradicional de tarefas e papeis sociais nin de estereotipos. A responsabilidade e o interese polo benestar e a saúde dos demais non han de estar a mercé de prexuízos nin de rumbos, tampouco do rumbo de xénero. En consecuencia, a distribución das tarefas de coidado debería ser moito máis equilibrada e equitativa do que hoxe é.

“Xénero” é unha construción cultural³⁰. Refírese a roles sociais, a aprendizaxes e tradicións³¹ que responden a un sistema xerárquico, binario. É un sistema de dominio e desigualdade, claves para o mantemento do patriarcado. As po-

28 Tronto, J. (1999)

29 López de la Vieja, M.: (2008), pp. 175-190; (2013) pp. 123-136

30 Chodorow, N. (1995)

31 Scott, J. (1986); López de la Vieja, M.: (2013), pp. 149-151

Bioética

líticas activas, recollidas na Lei 3/2007, para promover a igualdade entre mulleres e homes, pretenden corrixir aspectos discriminatorios deste sistema, con intervencións en todos os sectores e con enfoque transversal. As políticas e programas de saúde son importantes para a promoción da igualdade efectiva³². Por iso, o modo en que se aplique –ou non se aplique– a Lei 39/2006, para temas de dependencia, ten consecuencias para as medidas previstas na Lei orgánica 3/2007, e viceversa.

Quen cuida? O cuidador principal de Iris Murdoch era o seu marido. Na narración de John Bayley quedou claro que a enfermidade de Alzheimer leva ao límite a boa vontade e as forzas de quen se fai cargo de persoas dependentes. O equilibrio entre coidado e xustiza³³ será, entón, decisivo para que a atención a persoas en situación de vulnerabilidade sexa asumida como unha responsabilidade do conxunto da sociedade, non só da contorna inmediata dos pacientes. Isto significa que coidado non é, non ha de ser só un asunto privado³⁴; as demencias e os seus efectos son un asunto de saúde e de políticas públicas. Por tanto, as institucións³⁵ e os seus responsables teñen moito que dicir e facer para mellorar a protección e a atención a quen non está en condicións de defender os seus propios intereses, as persoas vulnerables.

REFERENCIAS

- Alexy, R.: "Formal Principles: Some Replies to Critics", *I.Con*, 12, 2014: 511-524
- Bayley, J.: *Iris*, London: Abacus, 2000
- Boada, M., Robles, A. (eds.) *Documento Sitges*, 2009, Disponible en http://www.sen.es/pdf/2009/Documento_Sitges2009.pdf
- Chodorow, N.: "Gender as a Personal and Cultural Construction", *Signs*, 1995, 20: 1995:516-544
- CIOMS: *International Ethical Guidelines for Health-related Research Involving Humans*, Geneva, 2016, Disponible en <https://cioms.ch/wp-content/uploads/2017/01/WEB-CIOMS-EthicalGuidelines.pdf>
- Dworkin, R.: "The Model of Rules", *The University of Chicago Law Review*, 35, 1967: 14-46

32 Lei orgánica 3/2007, art. 27

33 López de la Vieja, M.: (2008a), (2012)

34 Moody-Adams, M. (1997) pp. 13-14

35 Tronto, J. (2010)



- Engster, D.: "Rethinking Care Theory: The Practice of Caring and the Obligation to Care", *Hypatia*, 20, 2005, pp.50-74
- Feinberg, J.: "Supererogation and Rules", *Ethics*, 71, 1961: 276-288
- Gilligan, C.: *In a Different Voice*, Cambridge: Harvard University Press, 1982
- Gilligan, C.: "Reply", *Signs*, 11, 1986: 324-333
- Gilligan, C.: *La ética del cuidado*, Barcelona: Fundación Grifols, 2013, Disponible en <https://www.fundaciogrifols.org/es/web/fundacio/monographs#>
- Held, V.: "The Ethics of Care as a Normative Guidance: Comment on Gilligan", *Journal of Social Philosophy*, 45, 2015: 107-115
- Herring, J.: "Health as Vulnerability; Interdependence and Relationality", *The New Bioethics*, 22, 2016: 18-32
- Kottow, M.: "Vulnerability: What Kind of Principle Is It?", *Medicine, Health Care and Philosophy*, 7, 2004: 281-287
- Levine, C., Faden, R., Grady, Ch., Hammerschmidt, D., Eckenwiler, Sugarmann, J.: "The Limitations of "Vulnerability" as a Pretection for Human Research Participants", *The American Journal of Bioethics*, 4, 2004: 44-49
- Ley Orgánica 3/2007/ de 22 de mayo para la igualdad efectiva de mujeres y hombres. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-6115-consolidado.pdf>
- Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia, Disponible en <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-21990-consolidado.pdf>
- López de la Vieja, M.T.: *Bioética y literatura*, Madrid: Plaza y Valdés, 2013
- López de la Vieja, M.T.: "El cuidado. Lo público y lo privado", Konvalinka, N.: *Modos y maneras de hacer familia*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2012: 55-65
- López de la Vieja, M.T.: *Bioética y ciudadanía*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2008
- López de la Vieja, M.T.: "Justicia y cuidado", Puleo, A.: *El reto de la igualdad de género*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2008 a.: 238-257
- López de la Vieja, M.T.: *La mitad del mundo. Ética y crítica feminista*, Salamanca: Universidad de Salamanca, 2004
- Luna, F.: "Vulnerabilidad: un concepto muy útil. Abandonando los "corsets teóricos", *Revista Redbioética/UNESCO*, 2, 2011: 85-90
- Luna, F.: "Elucidating the Concept of Vulnerability: Layers not Labels", *International Journal of Feminist Approaches to Bioethics*, 2, 2009: 121-139
- Macklin, R.: "Bioethics, Vulnerability, and Protection", *Bioethics*, 17, 2003: 472-486
- Macklin, R.: "A Global Ethics Approach to Vulnerability", *International Journal of Feminist Approaches to Bioethics*, 5, 2012: 64-81
- Moody-Adams, M.: "The Social Construction and Reconstruction of Care", Estlund, D., Nussbaum, M.: *Sex, Preference, and Family*, Oxford: Oxford University Press, 1997, pp. 3-16
- Noddings, N.: *Caring*, Berkeley: University of California Press, 2003
- O. Neill, O.: *Towards Justice and Virtue*, Cambridge: Cambridge University Press, 1996
- Schroeder, D., Gefenas, E.: "Vulnerability: Too Vague and Too Broad?", *Cambridge Quarterly of Healthcare Ethics*, 18, 2009: 113-121
- Scott, J. W. "Gender: A Useful Category of Historical Analysis", *American Historical Review*, 54, 1986: 1053-1075
- Seoane, J.A.: "Bioethics, Deliberation, and Argumentation", Serna, P., Seoane, J.A.: *Bioethical Decision Making and Argumentation*, Springer, 2016: 89-106
- Ten Have, H.: "Respect for Human Vulnerability: The Emergency of a New Principle in Bioethics", *Bioethical Inquiry*, 12, 2015: 395-408

ca

- Tronto, J.: "Creating Caring Institutions: Politics, Plurality, and Purpose", *Ethics and Social Welfare*, 4, 2010: 158-171
- Tronto, J.: "Care Ethics: Moving Forwards", *Hypatia*, 14, 1999, pp. 111-110
- UNESCO: *Declaración Universal sobre Bioética y Derechos Humanos*, 2005. Disponible en <http://comitebioetica.cat/wp-content/uploads/2012/05/declaracion-universal-sobre-bioetica-y-derechos-humanos-unesco.pdf>
- UNESCO, International Bioethics Committee (IBC), Report, *Human Vulnerability and Personal Integrity*, Paris, 2013, p. 13. Disponible en <http://unesdoc.unesco.org/images/0021/002194/219494E.pdf>
- Xunta de Galicia: *Manual de formación para cuidados no contorno familiar de persoas con demencia*, 2011. Disponible en http://emprego.ceei.xunta.gal/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Benestar/manual_formation_coidados_demencias.pdf
- Xunta de Galicia: *Manual de formación para cuidados no contorno familiar*, 2010. Disponible en https://politicaso-cial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Manual_Formacion_Coidados_Con-torno.pdf

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

...Coidar a tempo, *coidar no tempo*

Experiencias de planificación anticipada das decisións

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova
Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños
Isabel Vila Iglesias

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR *PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE*

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, *COIDAR ATA O FINAL*

Marc Antoni Broggi

Coidar a tempo, coidar no tempo

10:30 → 12:00

MESA REDONDA

Experiencias de planificación anticipada das decisións

MODERADORA → María Ponte Garcia
Consello de Bioética de Galicia

Bos días, o meu nome é María Ponte, pertenzo ao Consello de Bioética de Galicia e hoxe vou moderar a primeira mesa redonda da xornada.

A través do título que lle puxemos, "Coidar a tempo, coidar no tempo", os poñentes que me acompañan exporannos as súas respectivas experiencias e as súas reflexións sobre a planificación anticipada das decisións.

Preséntolles a:

Iñaki Saralegui Reta, *médico especialista en Medicina Intensiva, doutor pola Universidade do País Vasco. Actualmente traballa no Servizo de Medicina Intensiva do Hospital Universitario de Araba en Vitoria-Gasteiz e é o coordinador do proxecto de vontades anticipadas en Euskadi.*

Miguel Melguizo Jiménez, *médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, foi director do distrito sanitario de Atención Primaria en Granada e actualmente compatibiliza o seu traballo como médico de familia coa docencia e é profesor asociado na Universidade de Granada e profesor colaborador no diploma de Experto en Bioética clínica da Escola Andaluza de Saúde Pública.*

Bioética

Eugenia Ameneiros Lago é médico especialista en Medicina Interna e como tal desenvolve a súa actividade na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, despois de traballar en hospitalización a domicilio.

Carmen Carballada Rico, traballa tamén na xerencia de Ferrol como médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria realizando o seu labor na área de hospitalización a domicilio.

Ambas son coautoras de diversos artigos relacionados co contido do seu relatorio, así como referidos á limitación do esforzo terapéutico, a sedación paliativa ou como a bioética pode mellorar a asistencia sanitaria ofrecida aos nosos pacientes.

Os que me acompañan na mesa teñen formación acreditada en bioética e son membros dos comités de ética asistencial dos seus respectivos ámbitos.

Sen máis dilación, pásolles a palabra a Iñaki, Miguel, Eugenia e Carmen.

Bioética

1.1. Andalucía

RELATOR → Miguel Melguizo Jiménez
Médico de Familia.
Centro de Saúde Almanjáyar. Granada

O respecto á capacidade de decisión dos pacientes instalouse xa no corazón do exercicio da medicina e a enfermería. Desde hai décadas non se concibe unha asistencia de calidade sen o consentimento explícito de quen a recibe; iso debe ser así desde unha perspectiva ética, deontolóxica e legal¹.

O consentimento informado (CI), como proceso e como formulario escrito, foi a ferramenta que permitiu recoller a aprobación do cidadán no proceso de atención. Non obstante o CI, na súa formulación tradicional, precisa unha adaptación específica cando é preciso tomar decisións no final da vida e o paciente non pode exercer plenamente a súa autonomía.

Noutro aspecto, transformáronse as formas de enfermar e morrer, e agora é máis necesario que nunca utilizar instrumentos que axuden á toma de decisións dos profesionais respectando os dereitos de pacientes e familias.

Cambian as formas de enfermar. Porque viviremos máis anos aínda que esta prolongación da vida non implique unha redución do número total de anos sen discapacidade. Porque aínda que manteremos a enfermidade como unidade nosolóxica da clínica estaremos moito máis focalizados na cronicidade, a plu-

ética

ripatoloxía e a polifarmacia. Porque haberá unha transición necesaria dos esforzos desde os procedementos de diagnóstico e tratamento aos cuidados da discapacidade e a dependenciaⁱⁱ.

Cambian as formas de morrer. Porque o final da vida na cronicidade será “prolongado” como consecuencia da fraxilidade e a comorbilidade. Porque en moitos casos, cítase un 80 %, os pacientes non estarán en situación de capacidade para tomar as súas propias decisións. Porque aos médicos valorarásenos en maior medida polo respecto á autonomía que pola destreza técnica.

Para respectar a autonomía do paciente na atención ao final da vida buscáronse instrumentos útiles e aceptables. O primeiro deles foi o testamento vital ou vontades vitais anticipadas (VVA). Tras varias décadas desde a súa implantación detectáronse problemas que limitan a súa xeneralización e aplicabilidade. O primeiro deles a deriva legalista que xa sufriu o CI, onde o documento médico legal escrito afogou a información e a deliberaciónⁱⁱⁱ. En segundo lugar, no noso medio, o coñecemento real de VVA é moi limitado entre profesionais e cidadáns, aínda que hai unha actitude positiva cara aos seus contidos e unha predisposición favorable ao seu uso^{iv v}. Finalmente, as VVA presentan problemas de predición, adaptabilidade aos cambios de saúde, extrapolación ao contexto clínico actual e orientación nas decisións para tomar polos representantes legais^{vi}.

Desde hai máis de dúas décadas xa se expón, tamén no noso país^{vii}, a necesidade de buscar un novo enfoque denominado planificación anticipada de decisións (PAD)^{viii}. Este enfoque, dentro do marco conceptual do CI e incorporando ás VVA, debería permitir de forma efectiva preparar os pacientes e as súas familias para tomar decisións compartidas cos profesionais na atención ao final da vida e en contextos de enfermidade avanzada con dependencia ou discapacidade. Sabemos tamén que os pacientes coinciden en considerar que é

Bioética

responsabilidade dos médicos iniciar a información e deliberación sobre as VVA e a PAD^{ix}.

A PAD é permitir, facilitar e animar as persoas a que expresen, definan e concreten, con antelación suficiente, cando aínda están en condicións de facelo, cales son as súas preferencias e as súas decisións respecto do proceso de morrer ideal ou morte digna.

En España xa se publicaron guías de reflexión e práctica clínica acerca das PAD^{x xi xii}. En Andalucía a *Guía de PAD* susténtase, dunha parte, na Estratexia de Bioética deseñada e desenvolvida desde o sistema sanitario público^{xiii}, e doutra como de apoio a profesionais para despreñar o capítulo de dereitos reflectidos na Lei de morte digna de Andalucía^{xiv}.

O modelo andaluz de PAD estrutúrase ao redor de tres elementos:

- A**→ Proceso deliberativo co paciente e a súa familia para expresión e desexos e preferencias.
- B**→ Rexistro dinámico na historia clínica dixital cunha proposta de estrutura.
- C**→ Plans de actuación revisables.
- D**→ Complementariedade coas VVA.

Só se dispón de datos institucionais correspondentes a VVA, fáciles de obter polo rexistro centralizado. En cambio, a PAD nos servizos sanitarios non tivo avaliacións suficientes e a súa implantación en Andalucía foi irregular. Con todo xa hai datos esperanzadores de avaliación de PAD nalgúns centros sanitarios que están a resultar bastante congruentes co publicado ata agora en países anglosaxóns.



Os primeiros resultados sobre actuacións en atención primaria co modelo de PAD permítenos anticipar que:

- O paciente e a súa familia querenlles expresar os seus desexos e preferencias aos profesionais en determinadas condicións: un ambiente adecuado (domicilio), con tempo suficiente, de forma gradual, ante médicos de confianza e preferiblemente a iniciativa dos profesionais.
- Os desexos e preferencias fundamentais refírense ao lugar de atención e ás actuacións diagnósticas e de tratamento.
- A concordancia entre desexos e preferencias e actuacións “reais” avaliadas a posteriori dan resultados prometedores en canto a cumprimento efectivo.
- Os profesionais séntense moito máis seguros e confiados nas súas decisións se se iniciou un proceso de PAD.
- A familia, particularmente as cuidadoras, séntense moito máis confortadas tras o falecemento do paciente se tiveron que tomar unha decisión por representación cando se realizou unha PAD previamente.
- Nas situacións máis frecuentes: avanzada idade, limitación de capacidade, pluripatoloxía, discapacidade e prognóstico vital limitado o rexistro das VVA é excepcional.

A estratexia de Bioética de Andalucía deberá continuar o proceso de avaliación da PAD, ampliándoas ao ámbito hospitalario, e establecer un programa de expansión da ferramenta PAD a profesionais que inclúe concienciación, confianza e formación.

O respecto ao dereito básico do exercicio da autonomía nas situacións de atención ao final da vida ou enfermidade avanzada con discapacidade, a prepara-

ca

ción de pacientes e familia para que poidan participar na toma de decisións clínicas complexas e o apoio aos profesionais sanitarios que exercen estas actividades para tomar decisións de calidade nestas situacións, poden fortalecerse notablemente coa PAD.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- i Altisent R. Planificación anticipada de la asistencia. Se necesita una revolución educativa. *Atención Primaria* 2013; 45 (8); 404-408
<http://www.elsevier.es/en-revista-atencion-primaria-27-articulo-planificacion-anticipada-asistencia-se-necesita-90247080>
- ii Prados A et al. Multimorbilidad en medicina de familia y los principios Ariadne. Un enfoque centrado en la persona. *Aten Primaria*. 2017; 49(5):300-307
<http://www.elsevier.es/es-revista-atencion-primaria-27-articulo-multimorbilidad-medicina-familia-los-principios-S0212656716304942>
- iii Teno JM, Hill TP, O'Connor MA, Eds.. Advance care planning: Priorities for ethical and empirical research. *Special Supplement. Hastings Center Report* 1994; 24 (6); S1-S36
<https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/7860268>
- iv Toro R et al. Conocimientos y actitudes de médicos y enfermeras sobre las instrucciones previas. *Atención Primaria* 2013; 45 (8); 404-408
<http://dx.doi.org/10.1016/j.aprim.2013.03.003>
- v Jiménez JA. Planificación anticipada de las decisiones en el distrito sanitario Córdoba y Guadalquivir, España. *Acta bioeth. vol.23 no.1* Santiago jun. 2017
<http://dx.doi.org/10.4067/S1726-569X2017000100009>
- vi Halpern J, Arnold RM. Affective forecasting: an unrecognized challenge in making serious health decisions. *J Gen Intern Med*. 2008 Oct; 23(10):1708-1712
<https://link.springer.com/article/10.1007/s11606-008-0719-5>
- vii Barrio I, Simón P, Júdez J. De las voluntades anticipadas o instrucciones previas a la planificación anticipada de decisiones. *Nure Investigación* 2004. 5
http://www.asociacionbioetica.com/imagenes/ficheros/Instrucciones_Previas_P_Simón.pdf
- viii Sudore R et al. Redefining the "Planning" in Advance Care Planning: Preparing for End-of-Life Decision Making. *Ann Intern Med*. 2010 Aug 17; 153(4): 256-261
<http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC2935810/>
- ix Johnston SC, Pfeifer MP and McNutt R. The discussion about advance directives. Patient and physician opinions regarding when and how it should be conducted. *End of Life Study Group. Arch Intern Med*. 1995 May 22; 155(10):1025-30
<https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/7748044>

Bio

- x Simón P, Tamayo M, Esteban S et al. Planificación Anticipada de Decisiones. Guía para profesionales. Consejería de Salud y Bienestar Social. Junta de Andalucía. Sevilla 2013
http://www.juntadeandalucia.es/salud/sites/csalud/contenidos/Informacion_General/c_2_c_8_voluntad_vital_anticipada/planificacion_anticipada_de_decisiones_SSPA.pdf
- xi Gracia D et al. Planificación Anticipada de la Asistencia Médica. Historia de Valores, instrucciones previas y decisiones de representación. Fundación de Ciencias de la Salud. Madrid 2011
https://www.cgcom.es/sites/default/files/planificacion_anticipada_asistencia_medica.pdf
- xii Guia per a l'aplicació pràctica de la planificació de decisions anticipades. Grup de treball del model català de planificació de decisions Anticipades. Universidad de Vic. Generalitat de Catalunya. Barcelona 2015
http://salutweb.gencat.cat/web/content/home/ambits_tematicos/linies_dactuacio/model_assistencial/atencio_al_malalt_cronic/documents/arxiu/guia_pda_definitivav11.pdf
- xiii Estrategia de Bioética del Sistema Sanitario Público de Andalucía 2011 – 2014. Consejería de Salud. Junta de Andalucía
http://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/Libro_estrategia_Bioetica_SSPA.pdf
- xiv Ley 2/2010, de 8 de abril, de Derechos y Garantías de la Dignidad de la Persona en el Proceso de la Muerte. BOJA Nº 88. 7 de mayo de 2010
<http://www.juntadeandalucia.es/boja/2010/88/1>



1.2. País Vasco

▼
RELATOR → Iñaki Saralegui Reta
Servizo de Medicina Intensiva.
Hospital universitario Áraba OSAKIDETZA

O proxecto para fomentar a planificación facilitada da atención no País Vasco incíase a finais de 2014 como un proxecto *bottom-up* en dous Centros de Saúde de Vitoria-Gasteiz. O obxectivo fundamental era entón, e segue estando vixente, provocar un cambio cultural comunitario e da relación asistencial que valore a reflexión sobre aspectos relacionados coa enfermidade, o coidado e a atención ao final da vida. Baséase na información aos cidadáns mediante sesións de debate, charlas foros, incluídos colectivos veciñais, aulas de formación de maiores, asociacións de pacientes etc. O outro pilar é a formación dos profesionais sanitarios e sociosanitarios en planificación facilitada da atención: aspectos éticos e legais, habilidades de comunicación, aspectos formais relacionados coa elaboración, rexistro e consulta de documentos de vontades anticipadas. A dita formación realízase por medio de sesións básicas, cursos de formación de facilitadores e formación por pares (participación nas entrevistas).

Tras a primeira fase do proxecto concedeuse a súa ampliación a toda Áraba (Organización Sanitaria Integrada Áraba, OSI Áraba), incluído todos os centros de saúde e as consultas ambulatorias dos servizos hospitalarios.

Desde maio de 2017 o proxecto pasou a considerarse *Top-down* e ampliado ao resto de Euskadi. Neste momento (outubro 2017) estase realizando a formación inicial de profesionais e a divulgación comunitaria en Guipúscoa e Biscaia.

Bioética

A metodoloxía baséase na reflexión persoal (apoiada por un documento específico) e posteriormente en dúas entrevistas ou conversas na consulta ou no domicilio do paciente, incluídas as persoas do seu contorno entre as que figura/n a/s persoa/s que van actuar como representante/s no caso de redactar un documento de vontades anticipadas. Na entrevista participa un facilitador e o persoal sanitario responsable do paciente. Vai dirixido principalmente a pacientes cónicos, en final de vida e persoas maiores de 75 anos.

Ata ao día de hoxe participaron máis de 1 700 persoas nas entrevistas. Aproximadamente 2 500 persoas acudiron ás charlas de divulgación comunitaria. O 62 % dos participantes son mulleres e un 75 % solicitaron persoalmente a súa participación no programa tras acudir a unha sesión divulgativa, por coñecer o proxecto a través da prensa ou familiares/amigos ou ao ver os carteis na consulta. O 25 % restante foron convidados polo persoal sanitario. A media de idade é de 67 anos. Máis de 250 profesionais foron formados mediante cursos de facilitadores, co obxectivo de que polo menos haxa dous deles en cada centro de saúde ou servizo hospitalario.

É un proxecto en marcha, en fase de consolidación grazas ao apoio institucional, cunha clara vocación comunitaria e centrado na reflexión e as conversas, sen o obxectivo específico da elaboración de documentos. A figura do facilitador e a creación de grupos de traballo permite que o programa sexa sustentable.

OSI ÁRABA

Bioética

1.3. Galicia

▼
RELATORA → Eugenia Ameneiros Lago
Área sanitaria de Ferrol
Servizo Galego de Saúde

Bos días a todos, en primeiro lugar queremos darlles as grazas aos membros da Consello de Bioética de Galicia, especialmente a José Antonio Seoane e a Carmen Solloso, que foron as dúas persoas que nos convidaron a participar nesta mesa.

Nós non somos expertas en PAD, simplemente é un tema que nos preocupou e que traballamos no Comité de Ética de Ferrol desde hai bastantes anos. Na presentación de hoxe o que imos facer é expoñervos como foi esa traxectoria ao longo de todos estes anos, o que aprendemos e tamén as dúbidas e reflexións que foron xurdindo no camiño e que aínda temos a día de hoxe.

ética

Planificación anticipada das decisións en Galicia

En primeiro lugar, imos repasar a información que temos sobre PAD en Galicia, o que se fixo a nivel institucional, a nivel do Sergas, e despois contarémosvos a nosa experiencia.

Podemos definir a PAD como un proceso voluntario de comunicación e deliberación entre unha persoa capaz e os profesionais sanitarios que a atenden. O obxectivo desta PAD é elaborar un plan conxunto para que cando a persoa perda a capacidade de decidir se tomen decisións sanitarias que respecten os seus desexos e valores. Neste proceso tamén se pode elixir un representante. O rexistro de todo o proceso, dos acordos alcanzados, das decisións tomadas, débese facer na historia clínica do paciente e se este o desexa pódese concretar ademais nun documento de instrucións previas (DIP). Pero hai que ter claro que o DIP é só unha parte da PAD, que ten que ter detrás todo un proceso de diálogo entre o paciente e os profesionais sanitarios e unha reflexión persoal do paciente. Non se poden reducir os procesos de PAD aos DIP.

A nivel institucional existe moi pouca referencia aos procesos de PAD e a información céntrase basicamente nos DIP. Na páxina do Sergas <http://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/Instruções-previas> existe información dirixida aos profesionais e aos pacientes sobre o DIP: que é?, quen o pode outorgar?, cal debe ser o seu contido?, como se outorga?, a quen vai dirixido?; e tamén sobre o Rexistro Galego de Instrucións Previas (REGAIP): que é?, cal é a súa función?, cando se pode acceder a el e como se accede?

Nesta páxina atópase tamén dispoñible un “modelo de documento de instrucións previas” (aínda que hai que lembrar que en Galicia non é obrigatorio o uso deste modelo institucional) e as solicitudes necesarias para a inscrición do DIP no rexistro e para o acceso ao rexistro. Nela recóllese ademais a normativa

Bioética

estatal e autonómica que regula as IP, así como datos actualizados do número de documentos inscritos no REGA I P. Desde a entrada en funcionamento do REGAIP no 2008, ata o 20 de decembro de 2016, rexistráronse un total de 6750 documentos. O 63 % destes correspondían a mulleres. En canto á distribución por provincias na Coruña estaban o 47 % dos documentos inscritos, 32 % en Pontevedra, 11 % en Lugo e 9 % en Ourense. No que se refire á idade, o 35 % de persoas que inscribiron o documento tiñan máis de 65 anos, o 33 % entre 51 e 64 anos, o 27 % entre os 31 e 50 e o 5 % entre os 18 e 30 anos.

Á parte do recollido na páxina do Sergas sobre os DIP, a Comisión Galega de Bioética tamén abordou o tema da PAD no seu documento de recomendacións sobre os cuidados ao final da vida no ano 2012. O obxectivo deste documento era servirles de marco de referencia e orientación aos profesionais e usuarios sobre os conflitos éticos que xorden nesta fase da vida, e contribuír a mellorar o desenvolvemento dos dereitos fundamentais neste ámbito. Para iso recollíanse: en primeiro lugar recomendacións relacionadas coa calidade da atención que permitisen unha xestión máis autónoma do proceso do final da vida; e en segundo lugar recomendacións relacionadas coa equidade no acceso á atención de calidade ao final da vida.

No dito documento recollíase:

- “O dereito das persoas para decidir plásmase na necesidade de obter o seu consentimento informado ante calquera procedemento diagnóstico ou terapéutico. En caso de atoparse en situación de incapacidade para decidir de forma autónoma débese comprobar a existencia do seu documento de instrucións previas, e se non existe, iniciar un proceso de decisións por representación”.
- “É recomendable que todos os profesionais sanitarios informen os pacientes sobre a utilidade da realización do documento de IP, lles axuden a definir situacións futuras na evolución da súa



enfermidade e fomenten o uso adecuado do DIP nun contexto de planificación anticipada dos cuidados”.

- “É necesario mellorar a accesibilidade para realizar e rexistrar os documentos de instrucións previas”.

Recollíanse así de forma explícita as obrigas de mínimos e máximos que temos os profesionais sanitarios respecto das IP, á vez que se chamaba a atención sobre a necesidade de facilitar a realización e o rexistro dos DIP. Nese momento só podía facerse ante notario e ante 3 testemuñas. No real decreto posterior (Real decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións Previas sobre Cuidados e Tratamento da Saúde) engadiuse a posibilidade de realizar o documento ante o funcionario do rexistro o que facilita o trámite administrativo.

Experiencia de planificación anticipada das decisións na Área Sanitaria de Ferrol

O inicio da nosa experiencia en a planificación anticipada das decisións na área Sanitaria de Ferrol podemos situalo no ano 2007. Nesa data, Pablo Simón Lordá impartiu un curso sobre as instrucións previas, no que participamos 40 profesionais da área sanitaria. No momento da realización dese curso comentábanos Pablo Simón que menos do 1 % da poboación española realizara o seu testamento vital, en Galicia aínda non existía un modelo de documento de instrucións previas oficial e tampouco a posibilidade de rexistrar os documentos realizados. O real decreto polo que se crea o REGAIP publicouse uns meses despois, o 13 de decembro de 2007. O primeiro traballo do Comité de Ética Asistencial (CEA), tras ese curso, foi elaborar un modelo de documento de instrucións previas, para que estivese dispoñible para os profesionais e pacientes da nosa área sanitaria. Para a elaboración deste modelo revisáronse os mo-



delos xa existentes nas distintas comunidades autónomas e noutros países e para facilitar o acceso dos profesionais a este documento colgouse en intranet do hospital, no apartado correspondente ao CEA.

Un dos problemas que tivo sempre o noso CEA, pero que parece un problema común ao resto de comités de ética, é darlle visibilidade ao traballo realizado e facer que os temas traballados e a información xerada no seo do CEA chegue a un grupo máis amplo de profesionais. Co obxectivo de dar a coñecer a PAD e os DIP a todos a profesionais da área organizouse desde o Comité de Ética unha sesión xeral en abril do 2009. Nesta sesión presentouse ademais o modelo de DIP elaborado.

Como conclusións da dita sesión, a modo de resumo, citábanse as seguintes:

- 1 → O DIP inscríbese nun proceso moito máis amplo, o da PAD. O documento é unha ferramenta do dito proceso que ten que ter detrás todo un proceso de información e diálogo entre o paciente e o profesional e un proceso de reflexión persoal do paciente.
- 2 → Os profesionais sanitarios temos respecto das IP unhas obrigas de mínimos, ineludibles, que consisten en aceptar os documentos realizados polos nosos pacientes, incorporalos á súa historia clínica e respectalos; pero ademais como bos profesionais temos unhas obrigas de máximos, que consisten en informar o paciente do que un proceso así lle pode ofrecer, axudarlle na súa reflexión e prestarlle a nosa axuda para definir situacións futuras que son previsibles na evolución da súa enfermidade para que poida concretar os seus límites.
- 3 → Para conseguir que as IP sexan útiles deben entrar a formar parte da nosa realidade clínica e para iso é necesaria a formación de os profesionais sanitarios e a cidadanía.

Bio

Os distintos estudos publicados en España ata ese momento nos que se valoraba o coñecemento das IP, tanto polos profesionais sanitarios como polos pacientes, chegaban á conclusión de que ese coñecemento era moi deficiente. No caso dos profesionais estabamos moitas veces por baixo dos mínimos esixibles. Aínda que a impresión que tiñamos era que a situación na nosa área sanitaria non era diferente á descrita neses estudos, no ano 2010 fixemos un estudo cuxo obxectivo era avaliar os coñecementos, a experiencia e as actitudes de médicos de atención primaria e especializada da nosa área sanitaria respecto das IP.

Para este estudo enviouse unha enquisa a un total de 280 médicos: 169 de AP e 111 de AE.

Responderon un total de 120 médicos (42.85 %), 60 procedentes de AP e 60 de AE.

Entre as conclusións do estudo destacaban:

- 1 → Só 21 profesionais (17.5 %) tiñan coñecementos obxectivos sobre as IP, é dicir coñecían a lexislación sobre IP, leran algunha vez un DIP e coñecían todos os elementos que podían quedar recollidos no DIP.
- 2 → Só 18 profesionais (15 %) se sentían capacitados para axudar os seus pacientes na elaboración do DIP e nos pasos necesarios para inscribir o DIP no rexistro. Ademais había que destacar que ata un 62 % daqueles que tiñan coñecementos obxectivos, de acordo coa nosa definición, non se sentían capacitados. Isto significa que á parte da adquisición de coñecementos teóricos sobre a PAD e os DIP, necesítanse aspectos máis prácticos de desenvolvemento de habilidades para saber como lles expor esta cuestión aos nosos pacientes.



- 3 → Só 28 (23 %) lles expuxeran aos seus pacientes a conveniencia de ter un DIP e só 8 (6 %) lles axudaran aos seus pacientes na elaboración dun DIP.
- 4 → A maioría dos profesionais (90 %) estaban convencidos da súa utilidade tanto para o paciente como para os profesionais e estaban dispostos a mellorar os seus coñecementos (96 %).
- 5 → Só un 6 % de médicos consideraba que debe ser o médico o que debe iniciar as conversacións sobre o DIP, un 39 % consideraba que a iniciativa debe partir do paciente.

En resumo, as conclusións do noso artigo, en consonancia cos artigos previos publicados no noso país, chegaban á conclusión de que existía un descoñecemento teórico-práctico sobre os procesos de PAD e os DIP, en cambio existía boa predisposición para a aprendizaxe e a incorporación á práctica clínica.

En xaneiro de 2013, con motivo do X aniversario da Lei básica de autonomía do paciente, a Comisión de Docencia do noso hospital xunto co Colexio de Médicos da Coruña, organizou unha sesión clínica xeral no noso centro focalizada na Lei de autonomía e o final da vida. Aproveitouse esta sesión para presentar o documento de recomendacións sobre o final da vida elaborado pola CGB e tamén para reflexionar sobre a importancia de expor procesos de PAD e sobre o papel e a responsabilidade que os clínicos temos niso. Nesta sesión contamos coa presenza do Dr. Antolín, médico do Servizo de Urgencias do Hospital Clínico de Barcelona que nos presentou os datos de varios dos seus traballos sobre o grao de coñecemento das IP polos pacientes crónicos que acudían ao SU e a evolución deste coñecemento nun período de 7 anos entre o 2003 e 2010. Os datos dos seus traballos revelaban o escaso coñecemento das IP polos pacientes con enfermidades crónicas que acudían ao SU (23 % en 2003, 18 % en 2008 e 20 % en 2010) e o que resultaba aínda máis rechamante, a baixísima porcentaxe de pacientes que recibía información das IP dos seus médicos (2

Bioética

% en 2003, 5 % en 2008 e 6.7 % en 2010). Outro dato que levaba ao pesimismo era que os resultados practicamente non cambiaban neste período de 7 anos e isto falando dunha comunidade que era a que tiña maior número de documentos rexistrados, nun hospital dunha gran cidade e nun subgrupo de pacientes, como son os pacientes con enfermidades crónicas, nos que a priori a realización dun DIP achegaría os maiores beneficios.

Con todo o exposto ata este momento estaba clara a necesidade de mellorar no tema da PAD, pero non tanto como facelo.

A partir de aquí iniciouse un proceso de reflexión, que aínda non está resolto, ao redor de como conseguir incorporar os procesos de PAD á práctica clínica diaria na nosa área sanitaria.

Que fixemos para isto?

Nos últimos anos centrámonos en avanzar na planificación anticipada das decisións nos pacientes con enfermidades neurodexenerativas. Por que nos centramos nestes pacientes? Porque nos pareceu que este era o prototipo de pacientes nos que a PAD era básica para unha asistencia de calidade ao final da vida e non o estabamos facendo. En primeiro lugar porque son pacientes nos que sabemos que na evolución da súa enfermidade é característica a perda da capacidade, ben por deterioración cognitiva (demencia) ou ben porque vai perder a capacidade para expresarse (ex. ELA). En segundo lugar porque a evolución da enfermidade é bastante predicible nestes pacientes, sabemos de antemán as situacións e polo tanto as decisións ás que nos imos ter que enfrontar. Por exemplo: nos pacientes con demencia avanzada ou ELA avanzada sabemos que van aparecer dificultades para a alimentación e polo tanto teremos que tomar decisións sobre a necesidade ou non dunha sonda nasogástrica ou unha sonda de gastrostomía para a alimentación, ou no caso dos pacientes con ELA sabemos que vai ter dificultades para respirar espontaneamente e teremos que tomar decisións respecto da necesidade de ventilación mecánica.

1. Bioética

Para avanzar nesta liña no ano 2015 expomos un curso de planificación anticipada das decisións nos pacientes con enfermidades neurodexenerativas. Neste curso promoveuse especialmente a participación do servizo de neuroloxía do hospital, que ata ese momento non participara apenas nas actividades do CEA e expúxose esencialmente como un curso de comunicación para saber abordar este tema cos pacientes. Para iso contamos como docente con Irene Esperón, psicóloga clínica, especialista en comunicación e tamén membro da CGB.

Nesas mesmas datas o CEA comezou un traballo sobre atención paliativa en pacientes con demencia avanzada que se concretou na elaboración final dun documento de recomendacións sobre atención paliativa nestes pacientes. As recomendacións deste documento contaron co apoio dos servizos de Neuroloxía e Endocrinoloxía-Nutrición da área. Nel recóllese a PAD como un dos allicerces da atención paliativa nestes pacientes e establécense recomendacións respecto do manexo dunha serie de situacións clínicas moi frecuentes como son: a disfaxia/desnutrición, broncoaspiración, úlceras por presión e necesidade de traslado e atención en Urxencias. Para a difusión deste documento organizouse un curso breve (4 horas) en colaboración coa Unidade de Formación do Hospital, impartido por 1 especialista de Neuroloxía e 2 persoas do CEA. Ata este momento tivo lugar unha edición deste curso en outubro do ano pasado e este ano hai programada unha nova edición.

Aínda que o avance e os logros conseguidos son moi lentos e sempre menos do que nos gustaría, vai xurdindo algún proxecto de fronte ao futuro que fai que sexamos moderadamente optimistas. Un deles é o proxecto PALIANEURO que xurdiu como unha iniciativa do Servizo de Neuroloxía en colaboración coa Unidade de Coidados Paliativos, Hospitalización a Domicilio e Unidade de Crónicos de Medicina Interna. O obxectivo deste proxecto é implantar un protocolo de atención integral paliativa e interdisciplinar dirixido aos pacientes neurolóxicos con necesidades paliativas. Este protocolo está previsto que empece

ética

a funcionar o próximo ano 2018 e un dos obxectivos para conseguir nestes pacientes é o desenvolvemento de procesos de PAD.

Doutra banda, na nosa área sanitaria existe desde hai uns anos unha consulta de medicina interna focalizada na atención a pacientes crónicos e pluripatolóxicos, fundamentalmente pacientes con insuficiencia de órgano (ICC avanzada, EPOC avanzada, cirrose, insuficiencia renal avanzada...). Nestes pacientes a PAD tamén é fundamental pero á vez complexa de realizar, pero aínda así se aprecia que se van dando pasos e probablemente este é un dos ámbitos nos que temos que avanzar nos próximos anos.

Como podedes ver, aínda que tiñamos o obxectivo claro desde o principio, e era a necesidade de ir incorporando a PAD na nosa práctica clínica diaria, a nosa traxectoria non foi tan certa. Inicialmente creo que nos centramos demasiado en dar a coñecer os DIP, quizais porque isto era o máis fácil, pero posteriormente démonos conta de que así non avanzabamos no noso obxectivo. Por este motivo modificamos a traxectoria tratando de convencer e darlles ferramentas aos clínicos que lles axuden a expor procesos de PAD. Fixémolo inicialmente coas enfermidades dexenerativas e temos que progresar na PAD nos pacientes con enfermidades crónicas avanzadas.

Deixo xa a Carmen que vos vai expoñer a segunda parte que é unha parte máis reflexiva sobre algunhas cousas que aprendemos neste tempo e tamén sobre dúbidas que nos xera este tema. Esta parte creo que vai achegar elementos para un debate enriquecedor que, sen dúbida, nos vai axudar a mellorar.

Moitas grazas a todos.

Bioética

RELATOR → [Carmen Carballada Rico](#)
Área sanitaria de Ferrol
Servizo Galego de Saúde

Nesta segunda parte da nosa intervención, o que queremos achegar é a nosa visión como clínicas que levamos xa un tempo traballando con pacientes en situación de enfermidade avanzada, oncolóxica e non oncolóxica, e con certa formación en Bioética.

Por isto expuxemos esta parte como unha reflexión sobre certos puntos en relación coa Planificación da Asistencia Sanitaria (PAAS), sobre todo aproveitando unha mesa como esta, na que contamos con dous expertos no tema e nun foro coma este no que xa hai unha base formativa común que o permite.

Como ao mellor nalgúns aspectos imos ser un pouco críticas ou incisivas quizá non está de máis aclarar que xa partimos de que neste foro todos compartimos a idea das bondades de a PAAS, e sobre todo de crear un marco de diálogo co paciente e as familias que facilite dalgunha maneira o “poder falar de todo”. Isto non é algo que estea en cuestión.

O primeiro que queremos comentar é que resulta complicado falar da Planificación Anticipada das Decisións (PAAS) sen englobalo dentro dun todo asistencial. Polo menos cando falamos de pacientes con enfermidades crónicas avanzadas (oncolóxicas ou non) nas que a planificación poderíamos dicir que é máis relevante.



Neste todo asistencial, que podería representarse como unha escaleira de banzos, a PAAS non estaría nos primeiros chanzos.

É máis, se os primeiros chanzos non se soben de forma adecuada, non chegaremos tampouco de forma adecuada ao chanzo que lle corresponde á PAAS. Un pouco como ocorre cando analizamos un problema ético: se non facemos unha boa valoración dos feitos, a discusión ética que se derive non vai ir ben encamiñada.

Esta escaleira non é máis nin menos que a valoración integral. Antes de poñer ou descartar unha intervención sobre un paciente, debemos coñecer a quen temos diante. Coñecer, neste contexto inclúe coñecer a súa enfermidade ou enfermidades, estadio, como se comporta neste paciente, que prognóstico ten (ata onde podamos saber)... Inclúe saber que vida é capaz de facer, que molestias está a ter, como está o seu ánimo, quen o cuida ou con quen conta. Que sabe da súa enfermidade, canto quere saber...

Só tras facer esta valoración multidimensional estaremos en condicións de avaliar unha intervención (terapéutica ou diagnóstica) en termos de indicación ou non indicación. Este punto paréceme moi importante e sobre isto volveremos máis adiante.

Por que nos parece importante resaltar isto? Porque neste sentido aínda nos queda moito que percorrer porque creo que isto aínda non o facemos. Para chegar a ese chanzo temos que traballar ben esa base sólida, se non as cousas non van ir ben.

A segunda cuestión que queremos expor é: na nosa contorna asistencial hoxe en día tendo en conta a sobrecarga asistencial e a formación dos profesionais, PAAS proactiva ou reactiva?

ca

Temos que distinguir en grupos:

- **Pacientes con pronóstico limitado de vida:** (por enfermidades crónicas ou oncolóxicas)... seguramente estaremos de acordo en que proactivos, entendido isto como que debemos favorecer e propiciar este tipo de conversacións, despois falaremos tamén do contido destas conversacións e de certas dificultades que teñen que ver sobre todo cos pacientes crónicos avanzados.
- **Pacientes con enfermidade crónica non avanzada:** na nosa opinión, proactiva naquelas enfermidades cuxa evolución coñecemos con seguridade e na que vai ser necesario tomar unha serie de decisións claras. Por exemplo: ELA e a ventilación ou a nutrición artificial, Alzheimer e nutrición artificial. Noutras enfermidades crónicas que non están en fase avanzada e non tan previsibles cremos que, no noso contexto, o adecuado é ser reactivo.
- **Paciente san:** tamén nos parece que hai que ser reactivo. É dicir se o paciente manifesta algunha necesidade neste sentido débese iniciar unha conversación, pero sinceramente cremos que o tempo que dispoñemos na asistencia é limitado e que se debe xestionar cara a outras actividades máis prioritarias.

A terceira cuestión que nos gustaría comentar fai referencia a certos contidos da PAAS que nos xeran dúbidas.

Exporeino como dúas preguntas:

- 1→ É pertinente preguntarlle ao paciente/representante actuacións que non estarían indicadas desde o punto de vista clínico?
- 2→ É preciso preguntar de forma anticipada sobre algún procedemento cuxa non instauración supoñería unha actitude maleficente?

Bio

1. É pertinente preguntarlle ao paciente/representante actuacións que non estarían indicadas desde o punto de vista clínico?

Poñeremos un exemplo real:

Unha experta en coidados paliativos e en Bioética fala nunha actividade formativa sobre a PAAS e comenta: “Por exemplo, a un paciente cun tumor cerebral maligno en progresión, podemos preguntarlle se cando non poida inxerir alimentos desexa nutrición enteral.”

Os tumores deste tipo evolucionan moi frecuentemente con diminución progresiva do nivel de conciencia que finalmente lle impiden ao paciente interactuar e tamén a inxestión. Nestas circunstancias hai acordo en que a nutrición artificial é unha medida desproporcionada porque só conseguirá manter máis tempo de vida e sen calidade de vida nun paciente cunha enfermidade en situación final e ademais poderíamos favorecer complicacións importantes: convulsións, úlceras por presión, broncoaspiracións... nun paciente que está morrendo.

Realmente fariamos esta pregunta esperando que o paciente nos conteste que non. Pero, e se dixese que si? Están os profesionais que o atendan na última fase obrigados a respectar a súa decisión aínda que lles pareza de xeito evidente desproporcionada? Por suposto que non, o límite da autonomía é a non maleficencia, pero podemos ter un conflito que quizá nós mesmos propiciamos preguntando ou ofrecendo o que quizá non debemos ofertar... Ademais poderíamos acabar xerando nos coidadores a idea de que finalmente a PASS non serve de nada porque á hora da verdade non se respectan os desexos dos pacientes.



Outros exemplos:

Artigo publicado o ano pasado en Medicina Clínica: Med Clin (Barc). 2016; 147(7):316–320. “Las órdenes de no reanimar: Historia y situación actual”. Cito textualmente: “Poderíamos definir a ONR como aquela orde que, explicitamente escrita, asinada e datada por un médico na historia clínica do paciente tras o seu consenso con el, ou co seu representante ou familiar en caso de incapacidade...”

Na nosa opinión, isto non sempre é necesario nin desexable. As ONR corresponden, na maioría dos casos, a decisións de limitación do esforzo terapéutico (LET). Unha cousa é comunicar esta decisión de LET á familia e discutir as dúbidas que iso poida xerar e outra cousa ben diferente é acordar, e ademais co paciente, unha decisión que xa se considera desproporcionada. E se tras falar co paciente solicitáanos RCP?

De novo podemos ter un conflito que quizá nós mesmos propiciamos preguntando ou ofrecendo o que quizá non debemos ofertar...

Un último exemplo, tomado dun modelo de IP:.

“Se estou moi preto da morte (agonía) e non é esperable a miña recuperación:

-Quero todas as medidas para manter a vida.

-Non quero ningunha medida para manter a vida. Se algunha se iniciou desexo que sexa retirada.

-Desexo medidas para manter a vida se o meu médico opina que me poden axudar: pero se non me axudan...”.

De novo ofertamos “todas as medidas para manter a vida” nunha situación (agonía) na que se impón a LET con respecto a calquera medida de soporte vital.

Bioética

2. É preciso preguntar de forma anticipada sobre algún procedemento cuxa non instauración supoñería unha actitude maleficente?

Un exemplo: moitas veces en modelos de DIP (e da pouca concreción do noso modelo por exemplo e da súa escasa utilidade tamén poderíamos falar...) dáse como opcional cuestións que se recoñecen de obrigado cumprimento por ser coidado básico: coidados de confort (ofrecer comida e bebida por boca, mantéñaseme limpo e comfortable) e de síntomas básicos como a dor... A pregunta que nos facemos é realmente necesario preguntar isto? Poderíase dicir que tampouco “pasa nada” por preguntalo.

Neste escenario é case imposible que alguén non desexe os coidados básicos e creo que nos produciría dúbidas da validez dun DIP que recollese esa negativa por estraña, e tamén un conflito ético cumprir unha negativa aos coidados básicos.

Doutra banda, opinamos que canto máis sinxelos sexan os procesos mellor. E se algo resulta superfluo é mellor evitalo, porque engadimos cuestións innecesarias a unhas conversacións xa complexas de seu.

Comentamos por tanto que, na nosa opinión, non se deben ofertar anticipadamente aquelas intervencións que non están indicadas, e tamén parece gratuïto preguntar acerca de coidados básicos.


Outro aspecto que ten que ver co contido da PAAS e que nos parece especialmente complexo e que cremos que merecen unha reflexión especial é a PAAS nos pacientes con insuficiencia de órgano: insuficiencia cardíaca, cirrose hepática, insuficiencia respiratoria crónica...

Unha característica destas enfermidades é que adoitan ser enfermidades lentas, e ao longo do proceso vaise producindo unha adaptación por parte do paciente e da familia a situacións que en principio lles poderían parecer pouco

Bioética

soportables, polo que os desexos dos pacientes poden ir cambiando ao longo do tempo.

Outra característica que ten que ver coa complexidade do manexo destes pacientes é o patrón evolutivo destas enfermidades. Este gráfico, xa coñecido, móstranos como é a evolución habitual das insuficiencias de órgano, en eixe de ordenadas está a situación funcional, e no eixe de abscisas o tempo de vida.



Como se pode apreciar, estes pacientes teñen descompensacións ao longo da súa enfermidade que fan perigar a súa vida. Moitas veces, afortunadamente, saen adiante, e recuperan parte da funcionalidade perdida, aínda que nunca ou case nunca de todo. Ao longo deste proceso nunca podemos saber (os profesionais e a familia e o paciente) cando vai ser a descompensación que vai producir a morte.

A pregunta que podiamos expornos é se entón imos loitar da mesma forma coa primeira que coa última? Se facemos isto na última fase da enfermidade, caeremos seguro na obstinación terapéutica, e podemos converter nun calvario a última etapa da vida dos nosos pacientes.

Polo tanto, os profesionais estamos obrigados a ir adecuando o esforzo terapéutico conforme a enfermidade vai evolucionando.

ética

Neste contexto adecuar o esforzo terapéutico inclúe coñecer as preferencias dos pacientes, pero sobre todo valorar a indicación ou non indicación dunha intervención, e a obriga dos médicos de expor decisións de LET cando se consideren adecuadas, e facelo anticipadamente cando sexa posible.

Para falar da valoración da indicación ou non indicación dunha intervención sanitaria, gustaríame citar o Artigo 18 da Lei 2/2010, do 8 de abril, de dereitos e garantías da dignidade da persoa no proceso da morte. (Andalucía)

“1. O médico ou médica responsable, antes de lle propoñer calquera intervención sanitaria a unha persoa en proceso de morte, deberá asegurarse de que esta está clinicamente indicada, elaborando o seu xuízo clínico respecto diso baseándose no estado da ciencia, na evidencia científica dispoñible, no seu saber profesional, na súa experiencia e no estado clínico, gravidade e prognóstico da persoa afecta. No caso de que este xuízo profesional conclúa na indicación dunha intervención sanitaria, someterá entón esta ao consentimento libre e voluntario da persoa, que poderá aceptar a intervención proposta, elixir libremente as opcións clínicas dispoñibles, ou rexeitala, nos termos previstos na presente Lei e na Lei 41/2002, do 14 de novembro.

Cito a lei andaluza porque reflicte moi ben a complexidade destas decisións. Non só fala da evidencia científica e o estado clínico e prognóstico do paciente, senón que inclúe expresamente: o saber profesional e a experiencia. E nada ten que ver isto co paternalismo (“eu sei o que é bo porque son o que sei”), pero é importante recoñecer e non esquecer a valía que ten a experiencia e o saber nunha profesión como a nosa, aínda que loxicamente teña un certo peso de subxectividade.

Comentabamos, antes deste inciso, que neste contexto cremos que os médicos estamos obrigados a expor decisións de LET cando se consideren adecuadas, e facelo anticipadamente cando sexa posible.

Un exemplo: María é unha paciente de 89 anos dependente para todas as ABVD, encamada, con insuficiencia respiratoria crónica e con encefalopatía mixta non

Bioética

reversible: pasa o día con tendencia ao sono pero mantén a inxestión, ás veces coñece os seus familiares e outras non. É previsible que as súas patoloxías evolucionen a peor nun curto período de tempo, difícil de estimar, e as complicacións máis esperables son: infección respiratoria ou situación de baixo nivel de conciencia que impida a inxestión ou ambas as cousas xuntas. María manifestara de sempre o seu desexo de morrer na casa, se fose posible, e mesmo que a velen na casa.

Nesta situación pódense ter dúas actitudes: a clásica, que sería esperar a que se produza algún problema e entón meter nun brete o cuidador, que tomará unha decisión non meditada e urxente; ou expor unha planificación de LET.

A planificación podería ser a seguinte: tras avaliación detida o equipo exponlle á familia as seguintes decisións

- se hai infección respiratoria que poida ser tratada con tratamento oral... tratar.
- se hai infección respiratoria que deba ser tratada con fármacos parenterais... LET. Tratamento sintomático.
- se hai deterioración do nivel de conciencia que impida a inxestión... LET. Tratamento sintomático.

Gustaríanos comentar tamén que o contido destas decisións é moi particular porque non é tan predicible como os pacientes con enfermidades neurodegenerativas ou os pacientes oncolóxicos en atención paliativa. Con bastante frecuencia os pacientes teñen varias insuficiencias ao mesmo tempo, e ademais dentro de cada subgrupo de pacientes con enfermidade de órgano, o declive producírase con diversas variantes. Por exemplo: un paciente con IC pode evolucionar con caquexia, ou con síntomas conxestivos refractarios a diuréticos, ou con desordes electrolíticos difíciles de manexar, ou con síndrome confusional asociada a fallo secundario doutros órganos... Por tanto é difícil exporlle de forma moi temperá ao paciente todo un abano de posibilidades que posi-



blemente só producirían confusión. Só en fases moi avanzadas descubrimos cales son as decisións que debemos expor.

E outra cuestión complexa neste contexto, de enfermidade avanzada en fase de final de vida, tamén é: Con quen se toma estas decisións? Co cuidador principal? Co paciente? Ben, en teoría co paciente se este é capaz, non?

A resposta en teoría é si, pero a realidade clínica é moitísimo máis complexa. As decisións de LET que requiren consenso, obrigan a dar unha información moi profunda e veraz sobre a enfermidade e o pronóstico próximo. Todos coñecemos o concepto de verdade soportable. Na nosa experiencia, (que non deixa de ser algo moi subxectivo) moitos pacientes non desexan sabelo todo e absolutamente todo.

Entón, a nosa opinión é que hai que ser moi prudentes e coidadosos coa información. Non vaia ser que por cumprir co que a “bioética de papel” nos di, vaíamos facer máis dano que o que queremos evitar.

Toda esta complexidade que describimos nos pacientes crónicos avanzados fai que moitas veces os clínicos que temos inquietudes en Bioética teñamos a sensación equivocada de que non facemos planificación de forma correcta con este tipo de pacientes. Na nosa opinión, máis que unha PAAS xeral e precoz, que tería escaso valor neste grupo de pacientes, a PAAS con estes pacientes debe entenderse como o feito de acompañar os pacientes e cuidadores no proceso da enfermidade establecendo un marco comunicativo á altura das circunstancias, e evitando, sempre que sexa posible de forma anticipada, a obstinación terapéutica.

E, xa por último, e enlazando con isto, a cuarta cuestión que queremos poñer encima da mesa é se no noso contexto actual os profesionais estamos preparados para manter conversacións difíciles, como son as que teñen que ver coa PAAS. A nosa opinión é que en xeral non. Cremos que é preciso certa experiencia vital (nalgúns casos) ou certa sensibilidade (noutros), pero sempre é precisa formación en habilidades de comunicación.


ca

Canta formación recibimos os sanitarios neste aspecto?


Un pequeno exemplo: Hai dous anos fixémoslle unha minienquisa aos médicos do Servizo de Medicina Interna do meu hospital e contestaron bastantes deles: 19. Estes son os resultados

Á pregunta de con que frecuencia tes que dar unha mala noticia

- > 1/ día
- > 1/semana
- > 1/mes
- >1/ano




Como valoraban a súa formación teórica?




Bio

Nivel de ansiedad



Nivel de formación desexable



Vemos que 15 de 19 dos médicos debían dar malas noticias máis dunha vez á semana. E só dous deles alcanzaban o nivel de formación desexable. E tamén na metade deles o nivel de ansiedad percibido era moi alto: 7-8.

Polo tanto, e aínda que esta non é unha idea nova, queremos resaltar que os esforzos por fomentar a PAAS deben ir da man do impulso da formación en comunicación: de malas noticias, de saber transmitir a incerteza, de axudar a compartir decisións...



E ata aquí as nosas reflexións que queríamos compartir hoxe con todos vós aproveitando o foro no que estamos. Percorreremos uns cantos aspectos e cuestións que somos conscientes de que poden xerar debate e agora o interesante é, se temos tempo, poder escoitar as vosas opinións.

Moitas grazas pola vosa atención.

BIBLIOGRAFÍA

1. Los cuidados al final de la vida: documento de recomendaciones de la Comisión Galega de Bioética. 2012. <http://www.sergas.es/Docs/Bioetica/Cuidados%20CAST240912link.pdf>
2. Ameneiros-Lago E, Carballada-Rico C, Garrido-Sanjuán JA. Los documentos de instrucciones previas y la planificación anticipada de las decisiones sanitarias. *Galicia Clin* 2011; 72 (3): 121-124
3. Ameneiros-Lago E, Carballada-Rico C, Garrido-Sanjuán JA. Conocimientos y actitudes sobre las instrucciones previas de los médicos de Atención Primaria y Especializada del área sanitaria de Ferrol. *Rev Calid Asist* 2013; 28 (2): 109-116
4. Antolín A, Ambrós A, Mangirón P, Alves D, Sánchez M, Miró O. Grado de conocimiento del documento de voluntades anticipadas por el enfermo crónico que acude a urgencias. *Rev Clin Esp*. 2010; 210:379-88
5. Antolín A, Jiménez S, González M, Gómez E, Sánchez M, Miró O. Características y uso del documento de voluntades anticipadas en un hospital terciario. *Rev Clin Esp*. 2014; 214 (6): 296-302
6. Reflexiones sobre el documento de voluntades anticipadas. Ameneiros E, Carballada C, Garrido JA y Fernández A. *Rev Clin Esp* 2011; 211: 380-1
7. Reflexiones sobre el documento de instrucciones previas. Ameneiros E, Carballada C, Garrido JA. *Rev Clin Esp* 2012 (8): 420-1
8. Fundación Ciencias de la Salud. Planificación anticipada de la asistencia sanitaria. Madrid 2011
9. Consejería de Salud Junta de Andalucía. Planificación anticipada de las decisiones. *Guía de apoyo para profesionales*. 2013
10. Ruiz-García J et al. Las órdenes de no reanimar. Historia y situación actual. *Med Clin (Barc)*. 2016;147(7):316-320
11. Carballada-Rico C, Ameneiros-Lago E. Las órdenes de no reanimar: ¿siempre consensuadas. *Med Clin (Barc)*. 2017;148(5):238-240

Bioética

Final do coloquio. Conclusións

1 → O respecto á autonomía do paciente foi calando na conciencia colectiva e é un elemento esencial da atención sanitaria.

2 → Os cambios na forma de enfermarse e na de morrer evidenciaron a necesidade de lles dar aos documentos existentes para manifestar a propia vontade no contexto da fin da vida, un novo enfoque denominado Planificación anticipada das decisións.

3 → PAD enténdese como un PLAN procedemento deliberativo entre profesional e paciente, realizado con antelación suficiente, que lle facilita á persoa a reflexión e a expresión das súas preferencias e as súas decisións sobre o proceso de morrer.

4 → Aínda hai un amplo descoñecemento sobre a PAD pero tamén unha boa predisposición para a aprendizaxe e para incorporala á práctica clínica, pois debe de integrarse no “todo asistencial” e ir precedida dunha valoración integral “da persoa que temos diante”.

Bioética

5 → Son piares para cumprir este obxectivo a información á cidadanía e a formación aos profesionais, especificamente en comunicación. Cómpre dedicarlle a este proceso MÁIS TEMPO e é indispensable estar MELLOR PREPARADOS para acompañar a pacientes e coidador(es) no camiño cara ao bo morrer.

6 → A Bioética, incorporando aos feitos clínicos os valores das persoas, achegoulle calidade á asistencia sanitaria e máis concretamente ao proceso da toma de decisións, especialmente complicado na fin da vida.

7 → E desde logo resultan esperanzadores os proxectos e as experiencias que se están desenvolvendo en Euskadi, en Andalucía e na área de Ferrol.

Por último, quero reiterar o agradecemento do Consello de Bioética de Galicia aos poñentes que nos conduciron, polo menos a min, a novas reflexións. Grazas á audiencia pola súa atención e participación.

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuiña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

... vulnerabilidade na poboación anciá

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños

Isabel Vila Iglesias

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

ética

Vulnerabilidade na poboación anciá

12:30 → 13:00

PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

RELADORES → Ana Guillén Vilanova e Mónica Suárez Berea
Consello de Bioética de Galicia

A vulnerabilidade é a calidade de ser vulnerable (susceptible de ser magoado ou ferido, xa sexa física ou moralmente). O termo pode aplicarse a unha persoa ou a un grupo social, segundo a súa capacidade para previr, resistir e sobrepoñerse a un impacto. Pódese dicir que as persoas vulnerables son aquelas que por distintos motivos se atopan en situación de risco e tamén son vulnerables as persoas ou grupos sociais cuxa autonomía, dignidade ou integridade son susceptibles de ser ameazadas.

O termo vulnerabilidade é complexo e abarca diversas dimensións; de maneira que existirían polo menos dous tipos de vulnerabilidade humana: unha antropolóxica, entendida como unha condición de fragilidade propia e intrínseca ao ser humano, polo seu ser biolóxico e psíquico e unha vulnerabilidade sociopolítica, entendida como aquela que se deriva da pertenza a un

Bioética

grupo, xénero, localidade, medio, condición socioeconómica, cultura ou ambiente que converte os individuos en vulnerables.

Dentro destes grupos está a poboación anciá. Con todo, a súa vulnerabilidade non é debida a un feito biolóxico, senón que é contextual; é dicir, que son determinadas circunstancias ou situacións as que poden poñer os anciáns en risco de ser vulnerables.

Actualmente en Galicia o 23 % da poboación ten máis de 65 anos, e estímase que alcanzará case o 30 % no ano 2029. En 2014, a esperanza de vida ao nacer, segundo o Instituto Galego de Estatística, era para as mulleres de 86 anos e para os homes de 79,7 anos.

Tendo en conta a dimensión sociopolítica da vulnerabilidade, podemos considerala, dependente de factores que poden cambiarse. Por esa razón, desde o Consello de Bioética de Galicia cremos que é unha obriga moral promover accións preventivas, curativas, sociais, económicas ou de calquera tipo, que poidan minimizar, paliar ou evitar estas condicións favorables ao dano.

Con este obxectivo, propuxémonos elaborar un documento sobre a vulnerabilidade na poboación anciá, documento no que estamos a traballar e que esperamos acabar e presentar no primeiro semestre do ano próximo. Con todo, gustaríanos presentarvos nesta xornada un pequeno bosquexo do que pretendemos que sexa o documento.

Partindo de 6 casos reais, definimos uns valores que consideramos que poden entrar en colisión ou verse dalgunha maneira lesionados. Os valores que consideramos son:

- **Dignidade:** valor inherente ao ser humano polo simple feito de serlo
- **Igualdade:** tratar do mesmo xeito o igual e de modo distinto o desigual

Bioética

- **Autonomía (decisoria, funcional e informativa):** capacidade de establecer as propias normas e de rexerse por elas
- **Integridade:** núcleo intocable que non debe ser obxecto de intervención externa
- **Benestar:** ter boas condicións de vida, obxectivas e subxectivas
- **Xustiza:** dar a cada un o seu
- **Solidariedade:** axudar sen intención de recibir algo a cambio.

A análise dos casos levouse a cabo tomando como referencia o método da deliberación, cuxo obxectivo é chegar a decisións prudentes ou razoables. A deliberación busca a solución óptima dun conflito moral, de aí a importancia de identificar os valores en colisión.

O termo valor no contexto do método apela á calidade que fai importantes as cousas aos seres humanos e esíxelles o seu respecto. Os valores son a base das obrigas morais, por iso un conflito moral é sempre un conflito de valores. A deliberación busca a solución óptima dun conflito moral, de aí a importancia de identificar os valores en colisión.

Unha vez identificados os ditos valores, trátase de saber que debemos facer, ou sexa, coñecer os deberes. É o que tecnicamente se denomina “cursos de acción”. A tendencia é reducir os cursos de acción a dúas que adoitan ser extremos e que normalmente optan por cada un dos valores en colisión lesionando por completo o outro para logo buscar os posibles cursos intermedios e, entre eles, elixir o curso óptimo. Este será o que menos lesione os valores en conflito.

O obxectivo da ética é buscar a solución mellor, non simplemente unha solución que non sexa mala. O do Consello de Bioética de Galicia con este documento é, como dicimos ao principio, promover accións que minimicen, palíen ou eviten posibles escenarios de vulnerabilidade na poboación anciá.

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuiña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova

Mónica Suárez Berea

comunicacións

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños

Isabel Vila Iglesias

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

ética

13:00 → 14:00

COMUNICACIÓN

Comunicacións

MODERADORA → **Carmen Ramil Fraga**
Consello de Bioética de Galicia

Bioética

BLOQUE 1_

TÍTULO

Procedementos, regulamentos e aprobación ética de proxectos internacionais de investigación clínica en persoas con demencia: Desafíos e leccións do Proxecto ENSURE

AUTORES → Pablo Hernández-Marrero; Sandra Martins Pereira; Joana Araújo; Ana Sofia Carvalho

CENTRO DE TRABAJO → Instituto de Bioética, Universidade Católica Portuguesa, Porto, Portugal

RESUMO

INTRODUCCIÓN

A investigación clínica en persoas con demencia (PcD) presenta desafíos éticos importantes. Ao incluír participantes vulnerables, esta investigación realízase en contornas onde pode aparecer un risco de violacións sutís da autonomía e onde hai que garantir a protección. A investigación con PcD require unha atención particular aos procedementos e aprobacións éticos. Mentres que a regulación europea sobre procedementos éticos e códigos de conduta sobre ensaios clínicos para salvagardar os participantes existe, as guías éticas e a regulación en investigación clínica en PcD escasean.

Bioética

OBJECTIVOS

- (1) → Analizar os procedementos, regulación e aprobación ética nos tres países participantes no Proxecto ENSURE 'Enhancing the Informed Consent Process: Supported Decision-Making and Capacity Assessment in Clinical Dementia Research' (Alemaña, España e Portugal).
- (2) → Presentar os desafíos éticos e estratexias seguidos polo equipo internacional de investigación.

MÉTODO

Análise crítica dos procedementos, regulación e aprobación ética seguidos polos países participantes en ENSURE.

RESULTADOS

ENSURE obtivo aprobación ética en Alemaña. Isto foi estimado insuficiente polos outros países do consorcio, considerando regulacións nacionais e institucionais específicas. Obter aprobación ética para estudos internacionais en PcD é un reto. A comunicación e a cooperación internacionais son esenciais para implementar o proxecto.

CONCLUSIÓN

Ao deseñar unha investigación transnacional e transcultural en PcD é fundamental considerar as especificidades dos países participantes en materia de procedementos, regulación e aprobación ética. É fundamental desenvolver guías "gold-standard" trans-europeas de referencia para previr atrasos innecesarios no desenvolvemento de proxectos que garantan a protección de participantes vulnerables.

ética

TÍTULO

Bioética e avaliación de tecnoloxías sanitarias: marco conceptual e metodolóxico

AUTORES → Yolanda Triñanes Pego, Rosendo Bugarín González.

CENTRO DE TRABALLO → Unidade de Asesoramento científico-técnico (Avalia-t). Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS). Servizo Galego de Saúde.

RESUMO

A avaliación de tecnoloxías sanitarias (ETS) é un proceso multidisciplinar que sintetiza a evidencia sobre aspectos clínicos, económicos, organizativos, sociais e éticos relacionados co uso das tecnoloxías mediante un proceso sistemático, robusto e libre de rumbos. A análise ética ten como obxectivo principal achegar información sobre as normas e valores que deben ser considerados na avaliación do valor das tecnoloxías e na toma de decisións sobre a súa incorporación e uso. A pesar diso, os dominios relacionados coa eficacia, seguridade e eficiencia son os que adoitan abordarse de forma máis sistemática, e algúns traballos previos puxeron de manifesto a complexidade de analizar as consideracións éticas nos informes ETS. Diferentes entidades a nivel internacional e nacional iniciaron na pasada década liñas de traballo que pretenden favorecer a implementación da análise dos aspectos éticos a través do desenvolvemento de marcos metodolóxicos. A este respecto existe consenso en que a avaliación das cuestións éticas ao longo de todo o ciclo de vida das tecnoloxías sanitarias é crucial, pero existen barreiras identificadas para a súa incorporación efectiva nos diferentes produtos elaborados polas axencias e unidades de avaliación.

O obxectivo desta comunicación é presentar cal é o marco conceptual e metodolóxico, e revisar as estratexias empregadas na Unidade de Asesoramen-

Bioética

to Científico-Técnico de Galicia (Avalia-t), así como as novas propostas para a mellora da súa abordaxe e os principais retos para os axentes implicados na análise e toma de decisións.

TÍTULO

Encadramento ético do consentimento informado e capacidade de toma de decisións en investigación clínica en persoas con demencia: Sub-proxecto ETHICS II

AUTORES → Pablo Hernández-Marrero; Sandra Martins Pereira; Joana Araújo; Ana Sofia Carvalho

CENTRO DE TRABALLO → Instituto de Bioética, Universidade Católica Portuguesa, Porto, Portugal

RESUMO

INTRODUCCIÓN

O consentimento informado (CI) é o tema que máis controversia e escrutinio xera na ética da investigación clínica. En persoas con demencias, avaliar a capacidade de decisión pode ser un desafío, xa que a natureza e a progresión da enfermidade inflúen na capacidade de toma de decisións. As persoas con demencia representan un grupo de poboación vulnerable, merecendo unha atención especial cando se desenvolven e avalían procesos de CI. É fundamental crear marcos éticos prácticos que simultaneamente protexan as persoas vulnerables de calquera dano e garantan a súa participación en investigación clínica.

OBXECTIVO

Determinar e encadrar eticamente os aspectos que deban de ser considerados no proceso de CI en investigación clínica en persoas con demencia.



MÉTODOS

Dúas fases interconectadas integrando tres revisións sistemáticas de literatura (SR). SR1 mapea os elementos éticos do proceso de toma de decisións en investigación clínica en persoas con demencia. SR2 estuda as categorías de vulnerabilidade e como estas poden influír na toma de decisións. O enfoque de SR3 é a identificación e a avaliación de instrumentos/estratexias para mellorar a toma de decisións. As SR seguen os criterios de boa conduta en SR.

RESULTADOS ESPERADOS

Este traballo posibilitará o desenvolvemento dunha reflexión profunda sobre os problemas éticos do proceso de CI na investigación clínica en persoas con demencia. Elaboraranse recomendacións prácticas para profesionais de saúde e investigadores para seleccionar instrumentos/estratexias clinicamente relevantes que melloren a toma de decisións e o CI en persoas con demencia.

TÍTULO

A protección das persoas enfermas terminais nas leis de morte digna

AUTORES → Belén Trigo García, Julio Ignacio Iglesias Redondo, Beatriz Sestayo Doce

CENTRO DE TRABALLO → Facultade de Dereito da USC

RESUMO

En España non existe a día de hoxe unha lei marco estatal sobre a última fase da vida. En cambio si se aprobaron nos últimos anos varias leis autonómicas na materia; a primeira foi a Lei andaluza 2/2010, do 8 de abril, de dereitos e garantías da dignidade da persoa no proceso da morte; entre as máis recentes cabe citar a Lei galega 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Ningunha destas leis trata a eutanasia,



contemplada no Código penal (art. 143 apartado 4), senón a ortotanasia ou a morte digna.

A situación de especial vulnerabilidade das persoas enfermas, en particular con enfermidades graves e terminais, xustifica unha regulación ad hoc en garantía dos seus dereitos, tal como contempla a Recomendación número 1418/1999, do Consello de Europa, sobre protección dos dereitos humanos e a dignidade das persoas enfermas terminais e moribundas. Son distintos os aspectos tidos en conta nesta normativa. De maneira significativa faise especial fincapé na protección da autonomía, dignidade e intimidade das persoas enfermas terminais.

A comunicación pretende expoñer un diagnóstico da situación legislativa e xurisprudencial actual, centrar os termos dos conflitos existentes e potenciais no campo da Bioética e ofrecer respostas de lege data e lege ferenda ante un marco normativo cada vez máis prolixo pero non por iso máis seguro para os protagonistas que deban xestionalos.

TÍTULO

A vulnerabilidade no acceso á saúde por persoas migrantes

AUTORES → Marina Iglesias Gallego, Flora Miranda Pena, Azucena Prieto Zapico e Miguel Vieito Villar

CENTRO DE TRABAJO → Comité de Ética Asistencial do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

RESUMO

A aprobación do Real decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, supuxo a variación do paradigma da atención en saúde no conxunto do Estado e no Servizo Galego de Saúde, co que se crea a categoría de “asegurado”. Con isto, plasmábase a exclusión fáctica e xurídica dun colectivo de persoas, aquelas non autorizadas para residir ou permanecer no noso país.

Bio

Máis de cinco anos despois, e desaparecido o presuposto xustificante da norma, o cal non era outro que un pretendido aforro económico, o real decreto segue mantendo a exclusión dunha poboación de máis de 700.000 persoas no conxunto do Estado. Ademais desta exclusión formal, na práctica o obstáculo ao acceso prodúcese tamén nos supostos de cobertura legal de saúde. Así, mulleres embarazadas, menores de idade e persoas en situación de urxencia e emerxencia ven coartado o seu dereito, a través de facturación de servizos e de medidas coercitivas con fins intimidatorias.

É a nosa pretensión analizar os puntos nos que a regulación e a práctica actuais se contraponen aos principios éticos que deberan rexer a Administración pública de saúde. Neste sentido, partiremos dunha breve análise legislativa, para fixar os puntos internacionais e nacionais nos que se plasma o dereito á saúde. Tras isto, analizaremos a práctica no Estado e na Comunidade Autónoma de Galicia con respecto ao tratamento da problemática. Neste apartado analizaremos documentos xa elaborados por outras entidades, ademais das indagacións realizadas polo propio CEA do CHUS. Por último, debullaremos os conflitos éticos potencialmente existentes e formularemos unha serie de propostas ao respecto.

BLOQUE 2

TÍTULO

Deliberando sobre vulnerabilidade. Unha actitude ética

AUTOR → Alfredo Valdés Paredes

CENTRO DE TRABALLO → Centro de Saúde Valle Inclán. Ourense

RESUMO

Parece claro que a discriminación pola idade supón un incremento na vulnerabilidade da persoa maior.

Unha análise deliberativa sobre os feitos e os valores deberíannos situar no momento ético por excelencia, nos deberes, no camiño dunha ética da responsabilidade ou do coidado responsable.

Sobre os feitos:

A dita discriminación ou ageísmo ten peculiaridades e exerce un efecto sumatorio negativo sobre os anciáns:

- 1 → Sófrena todos os membros do grupo.
- 2 → O propio individuo autodiscrimínase.
- 3 → Sofre a actitude/conducta da propia estrutura organizativa.

Estes feitos provocan inequidade tanto na asistencia sanitaria como na forma de enfermar, xeran rumbos de valoración e inflúen negativamente na toma de decisións.

Bioética

Sobre os valores:

- 1 → Tentar promover, respectar e suplir as autonomías funcional e decisoria.
- 2 → A idade, o sexo ou a raza non poden ser criterios de discriminación que priven as persoas dos dereitos lexítimos e da xustiza.
- 3 → Prima a educación, o bo trato e o agarimo á persoa maior, á súa vida biolóxica e biográfica cargada de valores e de cuestións éticas.

Sobre os deberes:

Traballar en todos os escenarios:

- 1 → A microética, relacionada coa ética profesional e representada na dilixencia, na prudencia e, por que non, na excelencia profesional.
- 2 → A mesoética, que ampara a relación clínica achegando os valores da institución, mantén a formación e promove as actitudes éticas dos profesionais.
- 3 → A macroética que exercerá o Estado como garante dos dereitos económicos, sociais e culturais, así como a non marxinação por ageísmo, racismo ou sexismo.

Cinco conclusións.

Bioética

TÍTULO

Coñecemento do documento de instrucións previas (DIP)

AUTORA → Beatriz Rodríguez Lorenzo (1), M.ª del Mar Álvarez Paradela (2)

CENTRO DE TRABALLO → TCAE da unidade de Oncoloxía do CHU de Ourense (1). Coordinadora das TCAE do CHU de Ourense

RESUMO

Como profesionais que realizamos o noso labor asistencial en hospital e interesadas na ética asistencial, preguntámonos ata que punto os nosos compañeiros tiñan coñecemento do documento de instrucións previas (DIP).

Así, lendo a Pablo Simón, ocrúsenos que a enquisa que el realiza en Andalucía podíamos traspasala á nosa comunidade autónoma. Os nosos obxectivos consisten en coñecer a opinión dos nosos compañeiros sobre o DIP, e describir e explorar os coñecementos e as actitudes que teñen en relación con este documento.

Sorprendeunos en gran maneira a predisposición que os profesionais sanitarios do noso complexo hospitalario tiñan para realizar a enquisa. E os resultados obtidos demostráronnos que, en realidade, é pouco ou moi pouco o coñecemento que posúen sobre este tema, aínda que se sentiron agradecidos porque lles abrimos “unha espita do saber”, palabras textuais.

A pesar de que o coñecemento é escaso, as actitudes cara a el están por encima do que pensáramos. Valoran o respecto cara ao documento, así como a utilidade tanto para pacientes como para familiares con notas elevadas. Destacan a recomendación que lles farían aos seus pacientes e/ou familiares sobre o DIP, sobre todo naquelas unidades nas que é máis difícil atopar pacientes con DIP realizado.

ética

TÍTULO

Quen gana coa medicina defensiva? Vulnerabilidade e medicina defensiva

AUTORA → Ana Belén Cruz Valiño

CENTRO DE TRABAJO → Facultade de Ciencias da Saúde, Universidade da Coruña (UDC)

RESUMO

A sobreactuación clínica por temor ás demandas, propia da medicina defensiva (MD) (Tancredi, 1978) ten efectos negativos: 1) expón o enfermo a riscos e danos evitables e lesiona a súa autonomía (Seoane, 2013); causa iatroxenia (Broggi, 2017); 2) aumenta custos e diminúe a calidade e a accesibilidade do sistema sanitario (Studdert, 2005); 3) erosiona o profesional (Broggi, 2017) ao afastalo dos fins da profesión.

Por tanto, fai falta preguntarse quen gana coa medicina defensiva, e responder coa identificación dos catro actores da relación clínica, con lóxicas de funcionamento e valores contrarios e potencialmente conflitivos (Baca-García, 2006; Seoane, 2008):

1 → O médico (lóxica do coidado) actúa no mellor interese do paciente (beneficencia); realiza as probas indicadas e rexeita as innecesarias (Bergen, 1974), a pesar de que o desexo de autoprotección lle faga prescribir procedementos diagnóstico-terapéuticos adicionais (Summerton 2000) que o xuízo clínico tería por innecesarios (Bergen 1974; Hershey, 1972). Ademais, emerxe a condición de “segunda vítima” como causa de MD (Panella, 2016).

2 → O paciente (lóxica da necesidade) persegue os valores de rapidez, accesibilidade e calidade, que fan que solicite os recursos ao seu alcance; asuma riscos; desenvolva expectativas de curación (Hirsh 1989); e acepte tratamentos para mellorar a súa saúde (Toraldó, 2015).

Bioética

3 → O terceiro pagador, público ou privado (lóxica do rendemento), evita o abuso de recursos innecesarios segundo os valores de eficiencia, viabilidade e sustentabilidade (Spaeth, 1983).

4 → A industria (lóxica da rendibilidade e a innovación) guíase polos valores da efectividade e a rendibilidade, e interésalle o consumo de tratamentos e produtos (Moynihan, 2002).

OBXECTIVO

Mostrar como se retroalimenta a MD.

METODOLOXÍA

Analizar os efectos da MD na vulnerabilidade da relación clínica.

RESULTADOS

Quen gana e quen perde coa MD.

REFERENCIAS

- Baca-García E. Las cuatro "lógicas" del sistema sanitario. Claves de razón práctica 2006(165):42-47
- Bergen RP. Defensive medicine is good medicine. JAMA 1974 May 27;228(9): 1188-1189
- Hershey N. The defensive practice of medicine: myth or reality. Milbank Mem Fund Q 1972; 50 (1): 69-97
- Hirsh HL. Defensive medicine--friend or foe? Leg Med 1989: 145-180
- Moynihan R, Health I, Henry Selling D. sickness: The pharmaceutical industry and disease mongering; BMJ. 321 (2002), pp. 886-890
- Panella M, Rinaldi C, Leigheb F, Donnarumma C, Kul S, Vanhaecht K, et al. The determinants of defensive medicine in Italian hospitals: The impact of being a second victim. Revista de Calidad Asistencial 2016; 31: 20-25
- Seoane JA. La relación clínica en el siglo XXI: cuestiones médicas, éticas y jurídicas. Derecho y salud 2008; 16 (1): 1-28.
- Seoane JA. La construcción jurídica de la autonomía del paciente. Eidon 2013; 1:39
- Spaeth GL. Physicians are Responsible for the Practice of "Defensive Medicine". Ophthalmic Surgery, Lasers and Imaging Retina 1983; 14 (12): 1009-1010
- Summerton N. Trends in negative defensive medicine within general practice. Br J Gen Pract 2000 Jul; 50 (456): 565-566
- Studdert DM, Mello MM, Sage WM, DesRoches CM, Peugh J, Zapert K, et al. Defensive medicine among high-risk specialist physicians in a volatile malpractice environment. JAMA 2005; 293 (21): 2609-2617
- Tancredi LR, Baroness JA. The problem of defensive medicine. Science 1978 May 26; 200 (4344): 879-882
- Trias, M. A. B. (2017). Medicina defensiva o medo a la responsabilidad. *In Iatrogenia y medicina defensiva* (pp. 44-53)



TÍTULO

Coidar a persoas vulnerables ao final da vida: A vulnerabilidade dos profesionais de saúde

AUTORES → Sandra Martins Pereira, Pablo Hernández-Marrero, Joana Araújo, Ana Sofia Carvalho, en nome do Proxecto InPalln

CENTRO DE TRABALLO → Instituto de Bioética, Universidade Católica Portuguesa, Porto, Portugal.

RESUMO

INTRODUCCIÓN

O afrontamento da vulnerabilidade, o sufrimento e a finitude da vida humana, e a necesidade de tomar decisións ético-clínicas complexas fan que as contornas de traballo dos profesionais da saúde sexan especialmente esixentes e desgastantes. Os profesionais son afectados polo Outro que sofre. Consecuentemente, os profesionais sofren, moitas veces en silencio, tanto polo impacto emocional que o sufrimento do Outro ser humano lles provoca como polas respostas do Outro ao coidado que recibe. A sensibilidade ética do profesional de saúde, comprendida como a capacidade de recoñecer, interpretar e responder o sufrimento de quen sofre, fai que o profesional poida ser máis afectado polo sufrimento, o que aumenta a súa vulnerabilidade.

A vulnerabilidade asociada ao risco de desenvolvemento de problemas de saúde laboral debe de estar na xénese dunha actitude ética de:

- (i) → Coidado, solicitude e solidariedade dos profesionais de saúde (consigo mesmos, cos seus pares) e
- (ii) → Responsabilidade dos líderes/organizacións de saúde de coidar os seus profesionais.

ca

OBXECTIVO

Reflexionar sobre a vulnerabilidade dos profesionais que coidan a persoas ao final da vida.

MÉTODO

Reflexión crítica baseada en revisións de literatura e traballos de investigación empírica con profesionais de saúde que coidan a persoas vulnerables ao final da vida.

RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

A construción do significado do traballo coidando a persoas ao final da vida é un factor protector de problemas laborais (ex.: burnout, distress moral, fatiga por compaixón) e promotor de empowerment profesional.

BIOÉTICA

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

Ética no acceso e no uso da documentación clínica

17:00 → 18:30
MESA REDONDA

APRENDER A MIRAR PARA SABER COIDAR A ANCIANIDADE

Irene Esperón Rodríguez



Atención persoalizada

José Manuel de Toro

Unha mirada interior

Águeda Rojo Pantoja

A intervención social

María Jesús Goikoetxea

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

ética

Ética no acceso e no uso da documentación clínica

16:30 → 17:00

PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

RELATORA → [Natalia Cal Purriños](#), [Isabel Vila Iglesias](#)
Consello de Bioética de Galicia

O respecto á confidencialidade é unha preocupación constante, a anterior Comisión Galega de Bioética, no ano 2013, publicou un amplo documento de recomendacións: “Intimidade e Confidencialidade: obriga legal e compromiso ético” no que partindo dunha análise da situación dese momento no Sergas en relación coa confidencialidade e protección da intimidade quedaba claro que a situación era preocupante e existían claras áreas de mellora, polo que á luz dos fundamentos éticos e legais propoñían unha serie de recomendacións para que nun marco ético se continuase avanzando no proceso de maior respecto a valores ou dereitos das persoas.

Bioética

Os avances tecnolóxicos están presentes en todos os ámbitos da vida. Aparecen no desenvolvemento de calquera actividade profesional, incluída a atención sanitaria, e así sucede na era dixital. O tránsito dun sistema de recompilación de información en papel a outro tipo de xestión da información, impulsado en Galicia pola Consellería de Sanidade mediante a aprobación do Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regulou o uso e o acceso á historia clínica electrónica, permite incorporar novas tecnoloxías de xestión da información sanitaria para a súa utilización, consulta, almacenamento e custodia.

Sen dúbida, isto mellorou a facilidade e a calidade do acceso á información de pacientes e profesionais e universalizou a posibilidade de acceso. Non obstante, tamén incrementou o risco de accesos indebidos ao poñer ao alcance de miles de profesionais información clínica.

A historia clínica electrónica permite un acceso case íntegro e indiscriminado á información, polo que é necesario achegar argumentos –éticos, xurídicos, sociais, prácticos– para delimitar o dito acceso. Pode falarse aquí dun imperativo tecnolóxico: o que é tecnicamente posible está permitido e pode facerse. Con todo, ten máis sentido formular un imperativo ético: non todo o tecnicamente posible é eticamente correcto ou está permitido, esta esixencia ética non nega o acceso á documentación clínica nin o desenvolvemento da técnica, o que propón reflexionar sobre o alcance dos nosos actos e decisións antes de considerar correcto e permitido todo o que se pode facer, neste caso, o acceso ilimitado á documentación clínica.

Este documento que hoxe presentamos é un paso máis na aplicación práctica do xa exposto anteriormente e completa as súas contribucións sobre confidencialidade e intimidade, en varios sentidos, actualiza a súa fundamentación e o seu contexto de aplicación; subliña a dimensión práctica e a aplicabilidade da Bioética e analiza en detalle o acceso e o uso da documentación clínica, esce-

1 Bioética

nario controvertido no que converxen responsabilidades institucionais, obrigas profesionais e dereitos dos usuarios.

Presentamos un documento que adopta forma de guía e pretende responder, desde unha perspectiva ética, pero de forma práctica, aos principais interrogantes e conflitos sobre os accesos e os usos da historia clínica en diferentes ámbitos como son o asistencial, o de xestión, o epidemiolóxico e de saúde pública, o de inspección e o de docencia e investigación.

O Consello estableceu como punto de partida da súa análise unha dimensión teórica estruturada en sete principios éticos que seleccionou como os máis relevantes para analizar os escenarios expostos, aínda sendo consciente de que outros principios tamén poderían ter cabida.

Os sete principios que constitúen o marco ético do noso traballo son os que indicamos a continuación:

- **Principio de administración responsable:** utiliza os recursos responsablemente, ten en consideración as consecuencias individuais e colectivas, presentes e futuras.
- **Principio de beneficencia pública:** coas túas actuacións ou decisións busca o maior beneficio público minimizando, todo o posible, os prexuízos.
- **Principio de finalidade:** existe unha xustificación para a túa acción?
- **Principio de calidade:** as nosas actuacións e decisións deben buscar a veracidade, ser pertinentes ou adecuadas para a finalidade buscada e débense realizar con medidas ou pautas de seguridade que garantan a confidencialidade das persoas afectadas.
- **Principio de confidencialidade:** actuemos con discreción, gardemos segredo da información á que temos acceso e non realicemos revelacións innecesarias.

ética

- **Principio de autonomía:** traballamos con información que identifica a persoas, son os seus datos e por tanto deben autorizar e consentir os usos e accesos que se lles realicen a estes.
- **Principio de proporcionalidade:** fagamos uso da prudencia tanto ao aplicar os principios aquí definidos como á hora de utilizar a información de terceiros, accedamos á información adecuada ao caso concreto segundo a finalidade buscada. Accedamos e utilicemos os datos de terceiros só cando sexa necesario. Cando usemos a información fagámolo de maneira proporcional, ponderemos ese uso e busquemos o maior beneficio co menor risco, tendo en consideración que canto maior sexa o risco moito maior deberá ser o beneficio.

A continuación entramos nunha dimensión práctica na cal se formulan unha serie de preguntas expostas desde a perspectiva de profesionais ou usuarios do sistema público de saúde de Galicia, agrupadas por ámbitos, ás que se lles dá unha resposta breve apoiada nos principios éticos desenvolvidos no apartado precedente.

Como broche final ás nosas deliberacións, expomos unha serie de recomendacións sobre os accesos e usos da historia clínica, dirixidas á Administración sanitaria, a profesionais e a usuarios do sistema público de saúde de Galicia.

Este documento é o resultado de un ano de traballo e a prudente deliberación entre os membros do CGB e con el pretendemos mostrar as razóns existentes para abrazar unha cultura de respecto á confidencialidade en relación coa documentación clínica.

Bio e

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

VULNERABILIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

COIDADO E VULNERABILIDADE

María Teresa López de la Vieja

10:30 → 12:00
MESA REDONDA

COIDAR A TEMPO, COIDAR NO TEMPO

Experiencias de planificación anticipada das decisións

María Ponte Garcia



Andalucía

Miguel Melguizo Jiménez

País Vasco

Iñaki Saralegui Reta

Galicia

Eugenia Ameneiros Lago

Carmen Carballada Rico

12:30 → 13:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

VULNERABILIDADE NA POBOACIÓN ANCIÁ

Ana Guillén Vilanova

Mónica Suárez Berea

13:00 → 14:00
COMUNICACIÓNS

COMUNICACIÓNS

Carmen Ramil Fraga

16:30 → 17:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA NO ACCESO E NO USO DA DOCUMENTACIÓN CLÍNICA

Natalia Cal Purriños

Isabel Vila Iglesias

... **aprender a mirar *para saber coidar a ancianidade***

19:00 → 20:00
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

COIDAR O FINAL, COIDAR ATA O FINAL

Marc Antoni Broggi

ética

Aprender a mirar *para saber coidar a ancianidade*

17:00 → 18:30

MESA REDONDA

▼
MODERADORA → Irene Esperón Rodríguez
Consello de Bioética de Galicia

Bioética

2.1 Atención persoalizada

RELATOR → Manuel de Toro Santos
Médico internista
Complejo hospitalario universitario de Ourense

Permítanme, antes de comezar a exposición obxecto da miña charla, falarlles aínda que me dá certo pudor facelo, de quen son, máis ben como cheguei a ser como son.

Todos temos unha historia detrás que nos foi marcando o camiño que seguimos e fortalécenos a nosa actitude na vida. Na miña aprendizaxe tiven dúas experiencias vitais que se suman ao que é máis ou menos habitual; amigos no colexio e no barrio onde vivía, a miña adolescencia marcada pola inseguridade de todo o novo para esa idade, naquela época a información escaseaba e dependías do que os amigos che contaban e do propio instinto. Cando de verdade comecei a relacionarme cos maiores foi nos veráns en que ía pasar tempadas na casa dos meus avós, unha aldea chamada Camboño preto de Noia. Mar e montaña, metade conto metade realidade. Era como vivir no meu propio bosque animado. Na casa dos meus avós vivín os mellores días de vida de infancia, o que alí aprendín acompañoume o resto da miña vida. Cos meus ollos de neno aprendía o que era a sinxeleza, o valor da persoas, importancia do traballo e estar preparado para iso, espírito de sacrificio, vivir en harmonía coa natureza, coidar o medioambiente e tantas sensacións que logo me valeron para desenvolver a miña actividade profesional. As persoas que alí vivían tratábanme coma se fóra de alí, parábanme polos camiños preguntábanme

ética

cousas, escoitábanme, convidábanme a tomar froita ou pasar polas súas casas. Eran graciosos na forma de entrar a conversación, se cruzaban a alguén que ía cun cesto e un fouciño dicíanlle “sei que vas a herba?”, e se levaba un sacho ou lombo sen mais “que vas sachare?” se en cambio ía cara ou monte co carro de vacas ou tema era “que vas rozar non toxo?”? era unha forma de conectar coa xente e dicir aquí estamos nós. Naquela aldea vivíase con maiúsculas, a xente mirábase á cara, falábase con transparencia, axudábanse uns aos outros, facían traballos en comunidade. Alí aprendín que unha persoa pode ser intelixente sen pasar pola escola ou a universidade, coñecín xente importante que me ensinaron as cousas importantes da vida, esas cousas que non se aprenden en ningunha escola senón na túa familia e coa xente auténtica que te rodea.

A miña outra experiencia cos maiores foi cando estaba en plena adolescencia e compaxinaba os meus estudos co traballo no café dos meus pais, todos os meus irmáns fixeron o mesmo e iso marcounos para o resto das nosas vidas, o que alí aprendemos das relacións humanas non se aprende en ningún curso teórico da universidade. Isto axúdome para relacionarme cos seres humanos o resto da miña vida. Tiven unha infancia moi feliz e a sorte de crecer xunto a unha familia numerosa de seis irmáns. Os meus pais tiveron que traballar moito para darnos o mellor que podían e fixérono, o seu agarimo e espírito de sacrificio non me abandonaron nunca e forxaron a miña forma de ser. Recordo que o seu anhelos era que tivéssemos uns estudos que eles non puideran ter e sobre todo que fósemos boas persoas. Eu mesmo sorpréndome recomendándolles aos meus fillos o mesmo mandato.

Os meus estudos de medicina comeceinos na facultade de Santiago e pronto pasei a traballar como interno no hospital. Alí comecei a ver “pacientes”, ese termo que se lle aplica ás persoas cando están enfermas e que fai que o médico tivese poder sobre eles. Nun primeiro momento a ansia de coñecemento

ética

facíame ver que palpaba fígados, auscultaba sopros e estertores, vía ictericias, cianose e adenopatías en lugar de persoas, rescatoume pronto a realidade e os ensinamentos previamente adquiridos para ver e tratar persoas en cada unha delas. E logro aínda ver as caras daqueles primeiros pacientes que coñecín sendo estudante.

Ao longo de toda a miña vida profesional non deixei de tratar as persoas como tales, gústame mirarlles aos ollos, darlles a man, escoitalos e interesarme polos seus problemas.

Cando miro atrás vexo a innumerable rede de persoas coas que tiveron interacción, coma se fose unha auténtica web de persoas, pais, esposa, fillos, irmáns, amigos, titores, mentores, profesores, persoas que non coñezo pero que cos seus coñecementos puideron aprender toda a medicina que sei, e sobre todo eses miles de pacientes e familiares que me ensinaron a ser a mellor persoa que puidese ser. Dalgunha forma todos traballaron *a miña maneira de ser* e doulles as grazas todos os días por iso.

A miña visión do que un médico debe facer pola persoa que atende foise modificando ao longo do tempo e coa experiencia o meu trato é cada vez con maior respecto, os propios pacientes foron marcando o camiño que debo seguir. Recomendolles ver na plataforma TED este vídeo de Abraham Verghese “o toque dun doutor”. Impresionoume a claridade con que un profesor de medicina nun hospital de alta tecnoloxía aborda a relación médico enfermo como o feito fundamental que lle dá sentido á nosa profesión.

Lograr unha relación médico-paciente correcta e profesional é o punto de partida do acto médico e conseguilo depende de todos os actores e circunstancias. Cada un faio segundo a súa forma de ser por iso ante un mesmo problema

Bioética

parece que cada un o fai de forma diferente. A min gústame facelo vendo a persoas que veñen verse por un problema de saúde e non a pacientes e polo tanto tratalas como a calquera persoa e dentro de todo aquilo que se fai chamar profesionalismo como queda reflectido na Lei de profesións sanitarias do 2003 e na carta de profesionalismo das sociedades medicas.

- Compromiso coa competencia profesional
- Compromiso coa honestidade cos pacientes
- Compromiso coa confidencialidade do paciente
- Compromiso de manter relacións apropiadas cos pacientes
- Compromiso para mellorar a calidade da atención
- Compromiso para mellorar o acceso á atención
- Compromiso cunha distribución xusta de recursos finitos
- Compromiso co coñecemento científico
- Compromiso de manter a confianza mediante a xestión de conflitos de interese
- Compromiso coas responsabilidades profesionais

Os médicos debemos reafirmar a dedicación activa aos principios de profesionalismo, que implica non só o compromiso persoal co benestar dos seus pacientes, senón tamén esforzos colectivos para mellorar o sistema de saúde polo benestar da sociedade.

Durante a miña época de médico interno e residente pasabamos moitas horas no hospital e levabamos a maioría das tarefas asistenciais coa supervisión dos adxuntos. Os pacientes que atendiamos eran na súa maioría menores de 65 anos e xente nova con enfermidades agudas; os internistas dedicábonos á hospitalización adquirindo coñecementos nos métodos de diagnóstico e tratamento das enfermidades. Nos últimos 25 anos, ademais dos grandes



progresos en tecnoloxía e sistemas informáticos, asistimos a un cambio progresivo no tipo de pacientes que atendemos nos servizos de medicina interna onde os pacientes de máis de 75 anos supoñen as dúas terceiras partes no noso hospital e as descompensacións das patoloxías crónicas respiratorias ou cardíacas representan a maior porcentaxe de causas de hospitalización. O paciente con pluripatoloxía e idade avanzada irrompeu na nosa práctica diaria como o maior expoñente asistencial ao que temos que atender e obríganos a dar respostas distintas baseadas nas súas necesidades persoais, sociofamiliares e dunha forma integrada cos demais profesionais da área de saúde e formúlannos a necesidade de reorientar o currículo do internista nas áreas de cuidados do paciente pluripatolóxico e paciente fráxil, coa valoración integral dos pacientes, formación en cuidados paliativos de pacientes crónicos e formas de traballo compartido cos demais profesionais, pacientes e familiares á hora de tomas de decisións así como o desenvolvemento de habilidades comunicativas específicas para as persoas maiores.

Neste contexto de actividade profesional está a terceira fase de relación cos maiores, sen dar-me apenas conta de que eu me facía maior, xa aprendera a escoitar o dobre do que falaba e a respectar toda e cada unha das persoas que se confiaban ante min. A importancia que teñen para min as persoas maiores pode quedar reflectida nesta frase de grande impacto, é dun escritor e etnólogo africano Amadou Hampaté Ba *“En África, cando un ancián morre, unha biblioteca arde, toda unha biblioteca desaparece, sen necesidade de que as chamas acaben co papel”*. Nos últimos anos do meu traballo como médico aprendín a ver nos anciáns que atendía os maiores que eu coñecín de neno, os meus maiores, os meus avós, os meus pais, os meus tíos, os meus amigos maiores ca min; son como testemuñas de seguridade no meu camiño alentándome a continuar. Óinlle dicir ao profesor Ciril Rozman nunha charla algo tan sinxelo e profundo como *“Para ser bo médico primeiro hase de ser boa persoa”*. Paréceme a gran premisa para facer o trato personalizado.

ca

E por aí é onde debemos empezar, pero onde se aprende a selo?.., é por iso o interese do preámbulo co que iniciiei o meu relato. O máis importante aprendémolo fóra da escola ou a universidade, aprendémolo preto de nós, das persoas que nos rodean, que nos coidan, que nos vixían, que nos orientan, que nos axudan, unha cadea humana á que nós pertencemos e á que tamén debemos colaborar e coidar.

En que se diferencia un profesional doutros? É interesante poñer a orela cando a xente charla sobre médicos e lles oes dicir: Ese é un soberbio nin che mira á cara “estiven todo o intre na consulta e non me explicou nada, só miraba a pantalla do computador” tamén comentarios favorables como “é moi humano e atento, preocupouse de conseguir as miñas análises, é moi responsable e escóitame”.

Moitos coñecerán esta ecuación, $V=(C+H) \times A$, eu coñecina a través dun vídeo, tamén da plataforma de TEDx, dun formador, como a el lle gusta que o coñezan, que se chama Víctor Koppers. Esquemáticamente nesta ecuación queda reflectido o valor dun profesional. V (valor) c (coñecementos), H (habilidades) e A (actitude). Como se ve, todo é importante, debemos ter coñecementos co estudo e habilidades que dá a experiencia pero a actitude é o que máis conta xa que multiplica. A actitude, a maneira de ser de cada un, é o que nos diferencia en todo e por suposto no trato cos demais, para que este sexa auténtico debe formar parte da persoa e non só normas de educación. Un profesional pode ser educado e non ser un bo profesional, un profesional ha de ser boa persoa con actitudes e será un excelente profesional.

A miña forma de trato coas persoas é hábito, unha forma de ser que aprendín ao longo da miña vida e que xorde de toda a interacción coas persoas que coñecín. Facilitame a comunicación e a empatía coas persoas e ademais encaixa coas recomendacións do profesionalismo, que non son máis que derivadas do

Bio

respecto cara aos demais. E pode quedar reflectido nesta lista de cousas que lles mostro:

As pequenas cousas /tomarse tempo e escoitar/ser aberto/atopar algo que guste/remover barreiras/deixar que o paciente se explique/compromiso co paciente e a súa autonomía /facerse digno de confianza.

Tiven a oportunidade de comprobar como paciente o contacto co sistema sanitario e o que máis valorei e emocionou foi cada un dos xestos e palabras de apoio que recibín no trato.

Acompáñanme frases, que considero importantes, e que resumen a miña forma de ver as cousas e que quero compartir con vostedes:

“O coñecemento fai a un arrogante, a educación faino humilde” J. Kreutfeld

Como comentario final sinxelamente lembrar que somos persoas que coidamos a persoas, non creo que sexa tan difícil desviarnos de como nos debemos comportar.

BIBLIOGRAFÍA

1. De Toro Santos M, Gil Rodríguez S, Benito Torres C, Rozas Lozano P. La organización de la asistencia sanitaria a pacientes crónicos con pluripatología: La experiencia de Ourense. *Galicia Clin* 2012; 73 (Supl.1): S20-S26
2. Ollero Baturone M, Orozco Beltrán D, Domingo Rico C, Román Sánchez P, López Soto A, Melguizo Jiménez M, et al. «Declaración de Sevilla». Conferencia nacional para la atención al paciente con enfermedades crónicas. *Rev Clin Esp*.2011; 211:604-6
3. Jacob J. Strand, MD; Mihir M. Kamdar, MD; and Elise C. Carey, MD .Top 10 Things Palliative Care Clinicians Wished Everyone Knew About Palliative Care. *Mayo Clin Proc* 2013;88(8):859-865
4. Gual A, Oriol-Bosch A, Pardell H. El médico del futuro. *Med Clin* 2010; 134 (8):363-368
5. Cardellacha F, Vilardell M, Pujol R. La formación del médico del futuro: una revisión 10 años después. *Med Clin*. 2016; 147(7):313-315
6. Varela J. Las reformas necesarias en los hospitales: 10 recomendaciones para mejorar la eficiencia, la calidad y la efectividad. *Med Clin*. 2016; 146(3):133-137
7. Future hospital: Caring for medical patients. A report from the Future Hospital Commission to the Royal College of Physicians. September 2013. London: Royal College of Physicians; 2013
8. 25. W. Kahn M. Etiquette-Based Medicine. *N Engl J Med*.2008; 358; 19
9. Larry R. Churchill and David Schenck. Healing Skills for Medical Practice. *Ann Intern Med*. 2008; 149: 720-724
10. https://www.ted.com/talks/abraham_verghese_a_doctor_s_touch?language=es
11. <https://www.youtube.com/watch?v=nWeclwtN2ho>

Bioética

2.2 Unha mirada interior

RELATORA → Águeda Rojo Pantoja
Coordinadora da Unidade de Psicoxeriatría
EOXI de Vigo

1. Introducción

Non é posible entender a enfermidade mental do paciente xeriátrico se non coñecemos o grao de vulnerabilidade e fragilidade que padece. Esta síndrome, o da fragilidade, considerada unha síndrome propiamente xeriátrica, tingue de particularidades o modo de enfermar dos nosos maiores e refírome a particularidades clínicas, tanto físicas como psicolóxicas e tamén no marco social.

Cando me propuxeron participar nestas xornadas cun relatorio que levase o título de “Unha mirada interior”, non só non me propuxen cambialo (só era unha suxestión) senón que foi o que máis me convenceu para aceptar a invitación, porque inmediatamente vin a oportunidade de poder expresar nun marco adecuado respecto diso as miñas reflexións “interiores” da miña andanza neste campo da Psicoxeriatría ata hoxe.

Pois ben, estas reflexións tratan da maneira en que a Psiquiatría e a medicina en xeral aborda a enfermidade do paciente maior, de como se esquece ou se ignora nalgúns casos que existen estas peculiaridades clínicas que requiren unha abordaxe e uns coñecementos especializados. A nosa poboación é unha poboación envellecida e os datos demográficos avísannos deste crecemento continuo, de tal forma que é evidente a necesidade dunha formación especializada para os profesionais de todos os ámbitos que tratan a persoas maiores. Con todo, a realidade é sorprendente porque nos empeñamos en prolongar

Bioética

a vida dos nosos pacientes sen contemplar a importancia de atender tamén co mesmo ímpeto o enfermo nas etapas últimas da vellez, cando prevalece a enfermidade neuropsiquiátrica e a fragilidade física o contamina todo, semioloxicamente falando, e cando os cuidados paliativos son fundamentais.

O noso sistema sanitario non está deseñado nin ten recursos suficientes para atender os nosos maiores nestas etapas da súa vida. Son síndromes moi prevalentes na vellez o delirium e os trastornos de conduta na demencia, por citar algúns exemplos cos que me encontro no meu quefacer diario como psiquiatra. Estes pacientes presentan cadros clínicos de imposible manexo domiciliario debido á axitación psicomotriz ou os trastornos do ritmo soño-vixilia. A realidade é que son enfermos que na súa maioría son desatendidos polo noso sistema sanitario porque non se lles ofrece un ingreso hospitalario e son dados de alta á casa coa recomendación de que lles busquen unha residencia xeriátrica, cando non son enfermos subsidiarios dun internamento nun xeriátrico polo menos ata que esta situación crítica non fose resolta.

Neste relatorio pretendo expoñer estas reflexións referendándoas con información baseada na miña experiencia clínica e na evidencia científica de que dispoñemos hoxe en día. Isto último non é complicado porque abunda a bibliografía respecto diso, pero quería achegar tamén o meu gran de area persoal, para convidar á reflexión e quizais conseguir espertar sensibilidades.

2. Fragilidade e a súa expresión na enfermidade mental

O fenotipo da fragilidade foi definido por Fried, Tangen & Walston (2001) como unha síndrome biolóxica con diminución na reserva e resistencia a estresores, resultado da acumulación do declive de varios sistemas fisiolóxicos causando vulnerabilidade, incluídas caídas, hospitalización, discapacidade e morte. Existe unha importante interrelación entre esta síndrome de fragilidade e os

ética

trastornos mentais no maior. Estendereime principalmente en dúas patoloxías moi prevalentes, a depresión xeriátrica e os trastornos de conduta da demencia para entender esta interrelación, a súa expresividade clínica e como deberiamos abordalas, como deberiamos achegarnos a este paciente psioxeriátrico.

En moitas ocasións a síndrome da fragilidade do maior é confundido cun cadro depresivo (Vaughan, Corbin, & Goveas, 2015). Varios estudos constatan unha síndrome de solapamento entre a depresión e a fragilidade. O esgotamento é un síntoma cardinal compartido entre criterios diagnósticos da depresión e do fenotipo de fragilidade pero ademais comparten máis síntomas como a hipoactividade, que pode ser por falta de enerxía ou falta de interese (anhedonia). Se isto ocorre e sobrediagnosticamos depresión no paciente maior, existe o risco de non atender adecuadamente as súas necesidades físicas enfocando mal o tratamento e seguramente empeorando a situación. Hai unha tendencia xeneralizada a crer que o feito de ser maior leva implícito estar depresivo e trátase dun mito difícil de erradicar mesmo entre os profesionais da saúde.

En si mesma, a idade avanzada non confire un maior risco psicolóxico (Gary J. Kennedy, 2015). Demostrouse que o paciente xeriátrico é máis resiliente (Windle, Markland & Woods, 2008), isto é, ten maior capacidade de superar adversidades. Ao parecer as experiencias vitais provén de recursos psicolóxicos ao longo da vida para ser menos evitativos e menos medorentos ante posibles circunstancias ameazantes e negativas (Charles, Mather & Carstensen, 2003). As persoas maiores tenden a recoñecer as súas limitacións, o que lles fai estar menos expostos a situacións estresantes.

Pero si hai outros factores que fan o maior máis fráxil e por tanto máis proclive a sufrir cadros depresivos. A enfermidade cerebral vascular constitúe un factor de risco que cada vez consegue maior evidencia científica. Aínda que actualmente non deixa de ser unha hipótese etiolóxica da depresión maior do maior,

Bioética

non podemos pasalo por alto. Ademais sabemos que a depresión de inicio tardío e o fenotipo fráxil comparten varios mecanismos patofisiolóxicos, entre eles a enfermidade cerebrovascular subclínica. Para Katz (2004) se as lesións da substancia branca son en zona anterior, a presentación clínica máis probable é a depresión de inicio tardío mentres que se as hiperintensidades de substancia branca son posteriores, pode manifestarse como trastornos da marcha, debilidadade e enlentecemento, que son indicadores tamén de fragilidade.

Hai evidencia cada vez maior que apoia o feito da inflamación crónica como mecanismo causal de ambos, depresión e fragilidade nos anciáns (Fernández-Garrido, Ruíz-Ros, Buigues, Navarro-Martínez e Cauli, 2014). Entre as citoquinas proinflamatorias, niveis elevados de IL-6 asociáronse consistentemente con síntomas depresivos significativos así como con trastornos depresivos nos anciáns.

Tamén a disregulación de hormonas do eixe hipotálamo-hipófise-adrenal (Leng, Cappola & Andersen, 2004) se propuxo como outra posible etioloxía de ambos, depresión e síndrome de fragilidade nos anciáns.

Estas son algunhas das hipóteses etiolóxicas da depresión de inicio tardío, intimamente relacionadas coa fragilidade, e que nos achegan un marco teórico para entender e diagnosticar correctamente a depresión de inicio tardío. Como xa dixen nun principio este marco de fragilidade dálle unhas particularidades clínicas á depresión, unha forma de expresión clínica diferente á do adulto.

Clasicamente a bibliografía médica describiu unhas características típicas da depresión no ancián, que hoxe non poden defenderse na súa totalidade porque poucas delas resistiron o exame da investigación actual: "Predominio de queixas somáticas, hipocondría excesiva, maior axitación, maior frecuencia de delirios, un cadro máis endóxeno e un aumento das formas de presentación



cunha síndrome confusional”. Non obstante creo que calquera que teña algo de experiencia clínica nesta área estaría de acordo con esta descrición.

Un síntoma moi característico do maior é a alexitimia (Clément & Léger, 1996), que é a incapacidade de expresar as emocións, de forma que non adoita haber queixa e o médico tende a confundirse e crer que os síntomas se relacionan co envellecemento normal.

Tamén son máis frecuentes os delirios de persecución, celos ou prexuízo, máis que culpa, ruína ou hipocondría (Meyers, Calayam & Mei-Tal, 1984), que é a tríade clásica da depresión con síntomas psicóticos do adulto. Outra forma de presentación é a chamada depresión enmascarada (por ansiedade), que é un cadro de inquietude psicomotriz con imposibilidade de deterse. Con moita frecuencia nunha atención urxente dun paciente xeriátrico con estes síntomas o clínico pensa rapidamente en síntomas da conduta da demencia e son etiquetados de “demencia” sen facer a máis mínima exploración da súa función cognitiva.

Describiuse un cadro clínico de depresión de inicio tardío nas residencias xeriátricas en que o paciente tende a un illamento social extremo, con verdadeiros esforzos voluntarios por non ter contacto humano nin estimulación sensorial (“cocooning”, Baker & Miller, 1991). Adoitan illarse na habitación, non queren comer en compañía dos demais nin recibir visitas de familiares nin sequera toleran o contacto co persoal da residencia. Probablemente supón un esforzo físico o feito de ter que dialogar. Algunhas veces referen que se esgotan só con falar, e unha vez máis vemos como a fragilidade física pode interferir na expresividade clínica da depresión.

Volvendo á hipótese da enfermidade cerebral vascular como etioloxía da depresión de inicio tardío, postúlase un tipo de depresión que chamamos de-

ca

presión vascular (Alexopoulos et al., 1997). Entre os criterios clínicos está o da disfunción executiva, diminución na velocidade de procesamento e letarxia. Estes déficits cognitivos condicionan a expresión clínica con síntomas como apatía (máis que tristeza), retardo cognitivo, ausencia de culpa, pobre insight e un aumento da discapacidade.

Do mesmo xeito que coa depresión, cabe considerar que a relación entre fraxilidade e demencia é moi estreita e seguramente bidireccional. É probable que compartan algunhas bases fisiopatolóxicas e mostráronse resultados similares tanto en estudos descritivos como en ensaios clínicos aleatorizados (Gil, 2011).

É preciso, polo tanto, que a atención aos pacientes con demencia e especialmente aos trastornos de conduta da demencia, sexa unha atención multidisciplinar. Non sería unha boa praxe que o psiquiatra atendese estas condutas aberrantes sen que previamente se descartase calquera desorde orgánica. O máis fácil é iniciar tratamentos farmacolóxicos para tentar conter estas desordes condutuais pero nunca deberían ser a primeira opción terapéutica senón que sempre antes habería que abordar o problema con intervencións non farmacolóxicas.

Gustaríame centrarme, unha vez entendidas as peculiaridades da depresión xeriátrica, e a interrelación entre esta, a demencia e a fraxilidade do maior, en como deberíamos achegarnos ao maior, como avalialo e como abordalo.

3. O achegamento ao paciente psicoxeriátrico

Evans & Mottram (2000) sinalaban nun dos seus artigos, considerado xa un clásico sobre o diagnóstico de depresión en pacientes maiores, que a entrevista debía cumprir catro características: privada, que se desenvolvese no momento do día que fose máis adecuado para o paciente, de duración suficiente e contando coa información de familiares ou achegados. Tamén acerca dos

Bio

tests psicométricos que utilizamos para o diagnóstico da depresión en maiores sinalaban a necesidade de que fosen simples e cunha linguaxe sinxela, sen tecnicismos médicos, e que nunca levasen a cabo con présa.

No noso quefacer diario considero que fallamos en case todos os ítems, desgraciadamente. Ás veces temos que entrevistar o ancián nun cuarto de hospital, compartido con outra persoa e como moito cunha cortina que os separa fisicamente pero que non asegura que se escoite todo o que se fala ao outro lado. Outras veces non somos conscientes de que deben estar sen os seus familiares porque os tratamos como persoas dependentes sen selo realmente. É importante que estes nos informen, pero ao mesmo tempo o paciente debe ser libre de poder expresarse e isto ás veces é difícil se os seus familiares están presentes. Tendemos a ter un trato paternalista cando na maioría dos casos son eles os que poderían ensinarnos e coidarnos (polo menos psicolóxicamente), pero a súa fragilidade fai que os vexamos así.

Non é igual entrevistar a unha persoa maior demasiado cedo, cando aínda non están de todo espertos e áxiles motoricamente que á metade de mañá cando as súas necesidades básicas están cubertas e se senten máis cómodos. Ou, por exemplo, coa caída do sol, cando se teñen certa deterioración cognitiva, o seu sensorio vai estar máis comprometido. Ou demasiado tarde, cando as medicacións da dor ou hipnóticas xa lles restan capacidades cognitivas.

A miña reflexión persoal sobre o modo en que entrevistamos a un ancián é que deberíamos adaptarnos ao tempo do paciente, pero atopámonos co obstáculo da sobrecarga asistencial. É preciso entender que o tempo dunha persoa maior é outro. Principalmente a lentitude no seu procesamento da información, segundo a súa lentitude a nivel motor, a súa alexitimia, a súa excesiva desconfianza, a súa mirada de alguén maior que lle custa entender que poidamos axudalo con tan poucas experiencias vivenciais detrás ou tan diferentes



ao seu marco cultural. Todos estes inconvenientes son salvables pero requiren tempo, o suficiente tempo.

A información que recollemos dos familiares é necesaria porque son quen máis poden achegar datos acerca de como eran antes da enfermidade e valorar o trastorno de forma lonxitudinal. Con todo, non hai que esquecer que a visión subxectiva do paciente é o máis importante para nós. Moitas veces tendemos a infravalorar a información que nos achega o propio paciente porque entendemos mal a vellez, isto é, non por ser maior o seu criterio é menos fiable. Poden fallar nalgúns datos que dependen da memoria pero non en canto aos seus sentimentos e estes só nolos poden transmitir eles. É unha arte saber entender aquilo que nos queren transmitir e darlle valor a esta información, que eles comprendan que lles damos valor. Son demasiadas áreas da súa vida nas que xa non son autónomos, perderon demasiadas funcións na súa vida polo que é preciso que se sintan valorados como persoas, con criterio e sentimentos propios.

A comunicación non verbal é con frecuencia a chave para conseguir unha comunicación efectiva co paciente maior (Blazer, 2015). Falamos de que a alexitima é un trazo propio do paciente xeriátrico. A súa expresión facial, xestos, posturas, ou longos silencios poden ser pistas para o clínico. O silencio para unha persoa maior non só non é incómodo senón que lles prové do suficiente tempo para poder organizar os seus pensamentos e como expresalos ou como salientar o que realmente lles importa. É imprescindible ter a paciencia de deixarlles tempo suficiente e simplemente hai que esperar a que atopen a maneira de expresarse.

Ao paciente maior hai que achegarse con respecto. Deberíamos chamar antes de entrar no seu cuarto, falarlles de vostede, e nunca utilizar expresións como “avó” (moitas veces non son pais), ou diminutivos cariñosos salvo que teña-

Bioética

mos xa moita confianza. Tampouco falarlles coma se foron nenos pequenos ou incapaces aínda que nos inspiren moita tenrura e o fagamos con toda a boa intención. Debemos falarlles con claridade, lentamente, e usando frases sinxelas no caso de que teñan problemas de audición.

No paciente xeriátrico é un reto ás veces descifrar síntomas e previr enfermidades dada esta dificultade de recoller información destes pacientes. En moitas ocasións non son capaces de dicir que algo vai mal porque poden estar deprimidos, medorentos de padecer unha nova enfermidade, convencidos de que todo se debe á idade ou incluso escépticos de que os médicos poidan axudarlles (Kaiser, 2015). Nos pacientes con historia psiquiátrica tendemos a pensar que o padecemento é un agravamento de unha condición previa e podemos pasar por alto novas enfermidades. Nunca deberíamos esquecer que no paciente xeriátrico hai que descartar en primeiro lugar a enfermidade somática. Ademais sabemos que moitas veces a expresión dunha enfermidade somática é a través de síntomas psiquiátricos (por exemplo o delirium). Reuben (2003) definiu a avaliación xeriátrica como “unha avaliación global, dirixida por un médico ou equipo multidisciplinar, que considera claves os factores médicos, sociais, psicolóxicos e ambientais e préstalle especial atención á función”. Se en calquera avaliación médica debería ser primordial a interdisciplinariedade, no paciente xeriátrico é esencial.

Hoxe en día seguimos traballando por compartimentos estanco, por órganos, esquecéndonos dela interrelación entre todos os órganos e sobre todo esquecéndonos da persoa. É inaudito que un paciente ingrese en uroloxía, se realice unha intervención cirúrxica e un delirium no postoperatorio sexa “cousa doutros”, e sexa dado de alta deste servizo. Outro exemplo é o que nos trae aquí, non podemos tratar a un enfermo fráxil de só unha función sen considerar a súa fragilidade no seu conxunto. Pode ser un depresivo pero ao que se lle engaden problemas somáticos que o fan máis fráxil, e que unha vez que os

1 ética

resolvemos conseguimos tamén unha mellora do ánimo. O paciente necesita confiar no terapeuta, e esta confianza vaise labrando ao longo do tempo. A realidade é que varios médicos e outros profesionais o visitan durante unha hospitalización e non saben a quen acudir se se senten mal ou queren coñecer sobre o seu padecemento. Non teñen unha figura que os guíe. Deben de entender que a atención é continua pero en cambio asisten a unha trasfega de diferentes profesionais. Non lles dedicamos o tempo necesario para que se forxe esta confianza. Tampouco nos implicamos o suficiente a maioría das veces. Evitamos preguntas difíciles, ou consideramos que os problemas familiares ou sociais do enfermo non son asunto noso sen entender que non podemos comprender a enfermidade no seu conxunto sen toda esta información. Como psiquiatra considero que non nos implicamos o suficiente. Confundimos a sobre-implicación, que non sería dunha boa praxe coa simple implicación, con estar dispoñibles para o enfermo, receptivos a toda a información posible. O paciente ten que sentirse “comprendido” e que a súa atención é “continuada” e iso depende do modo en que nos acheguemos a el. Na miña opinión esta parte do noso quefacer está especialmente desatendida no paciente xeriátrico e en parte é debido á súa fragilidade. Son menos capaces de defenderse neste marco asistencial e lamentablemente dispoñemos de moi pouco tempo para atender o maior como deberíamos.

Os especialistas estamos situados noutro nivel asistencial con respecto aos nosos colegas de atención primaria. Así está disposto o organigrama de atención sanitaria na actualidade. Eles son o primeiro filtro e con posterioridade os pacientes son derivados á atención especializada. O que na miña opinión falla é a comunicación entre estes dous niveis de asistencia. Unha vez máis, aludo ao traballo en equipo. Non só ocorre no noso ámbito senón que se recolle tamén no mundo saxón (Barttle et al., 1995) a queixa dos médicos de atención primaria sobre a inaccesibilidade dos psiquiatras para traballar conxuntamente.

ética

Está fóra de toda dúbida que os mellores resultados no tratamento da enfermidade mental se conseguen combinando tratamentos farmacolóxicos e psicoterapéuticos. Debemos estar en contacto e traballar na mesma liña o profesional que os medica e o que os atende en terapia. Nos dous ámbitos que estou a tratar basicamente nesta relatorio, o trastorno depresivo e a demencia do paciente xeriátrico ocorre desta maneira.

Nas depresións xeriátricas severas este tratamento combinado é a regra máis que a excepción (Hanson e Scogin, 2008). As técnicas de psicoterapia teñen que ser deseñadas de forma moi personalizada, tendo en conta a capacidade cognitiva, a flexibilidade e as preferencias do paciente. Adoita ser moi efectiva para conseguir unha maior adherencia ao tratamento por exemplo. É importante ter uns obxectivos definidos e deben ser máis amplos que conseguir só a redución dos síntomas. Pódese conseguir un aumento na funcionalidade individual ou no seo da familia, ou maior autoconfianza, por poñer dous exemplos. Nestas depresións severas é moi habitual que nos conformemos só con mellorar algo os síntomas e non continuemos con máis estratexias terapéuticas para lograr maiores mellorías. Eticamente considero que é inadmisibile que quedemos a metade de camiño nun proceso terapéutico e lamentablemente considero que isto non é infrecuente no paciente xeriátrico, con moita diferenza respecto do paciente adulto. Escusámonos co argumento de que probablemente xa non se poden conseguir máis logros debido á vellez, á fraxilidade. Temos que conservar o noso furor curandi tamén para os anciáns e non darnos por vencidos demasiado rápido.

Nos pacientes con demencia debemos de coidar non só do paciente senón tamén dos seus cuidadores. En moitas ocasións abandonamos unha vez chegado a un diagnóstico e case nunca isto é tan necesario como lograr que o paciente non sufra, do mesmo xeito que os seus familiares. Nas demencias dexenerativas sabemos que cognitivamente empeorarán ao longo do tempo pero podemos

Bioética

axudarlles emocionalmente tratando os trastornos condutuais. Debemos de lle ensinar ao cuidador para manexar estes trastornos e así evitar medicalos farmacologicamente pero se non é posible debemos utilizar todos os medios ao noso alcance para conseguilo. Tamén podemos axudar ensinándolles aos cuidadores como é a enfermidade porque coñecela axudaralles tanto no manexo como na súa repercusión emocional. E debemos saber identificar cando é o momento de aconsellar a un familiar que institucionalice o enfermo con demencia.

Na miña práctica profesional atopeime con médicos que lles recomendaron aos familiares un internamento en residencias xeriátricas sen coñecer exactamente o diagnóstico nin as circunstancias sociais do enfermo. É unha mala praxe aconsellar unha institucionalización simplemente co dato de que se trata de trastornos de conduta na demencia. A demencia é un diagnóstico que se sobrediagnostica nos servizos de urxencias con demasiada frecuencia. Lamentablemente os trastornos de conduta na demencia aténdense en urxencias moi deficitariamente e as familias sofren gratuitamente a consecuencia destas abordaxes tan precarias.

Canto maior é a deterioración cognitiva e funcional así como os trastornos de conduta, maior é a probabilidade de institucionalización (Yaffe et al., 2002).

Hai un momento en que o psiquiatra debe saber recomendar a institucionalización. Buhr et al. (2006) atopou as seguintes razóns de institucionalización: necesidade de cuidados especializados (65 %), saúde do cuidador (49 %), trastornos de conduta (46 %), e necesidade de máis asistencia (23 %). Os trastornos de conduta conséguense manexar na maioría dos casos pero hai outros en que non responden a fármacos e entón os cuidados que necesitan requiren de persoal especializado. Cando a saúde do cuidador empeza a estar en xogo é necesario que o psiquiatra saiba comunicalo e convencer o cuidador de que é a mellor opción. Na miña opinión hai que respectar a decisión das familias



sempre que non vaia en prexuízo da saúde do paciente ou delas mesmas nese caso hai que facer un labor de psicoeducación.

4. Conclusión

A miña mirada interior é a dunha psiquiatra que atende a persoas maiores que sofren de enfermidades mentais pero tamén atende a familias que sofren estas enfermidades e que moitas veces se quedou facendo reflexións acerca de como traballa.

Hai demasiadas cousas que non me gustan de como atendemos os nosos maiores pero tamén creo que son mellorables. Debemos ser capaces de empatizar e mostrarnos próximos aos nosos pacientes, pero tamén ser obxectivos e non perder a frialdade necesaria para razoar con elocuencia. Estou en contra do paternalismo, do ageísmo e tamén dunha medicina tecnificada e afastada do paciente como persoa. Creo que os nosos maiores se merecen que os coidemos o mellor que saibamos e que os escoitemos porque son a voz da experiencia.

BIBLIOGRAFÍA

1. Alexopoulos G.S. et al. (1997). Clinically Defined Vascular Depression. *Am J Psychiatry*; 154: 970- 975
2. Baker F.M. & Miller C.L. (1991). "Cocooning": A clinical sign of depression in geriatric patients. *Hospital and Community Psychiatry*, 42, 845
3. Barttle S.H., Aldin P., Green M-R. et. al. (1995). Attitudes of physicians towards psychiatry: Some criticism which psychiatrists might modify. *Bershire Medical Journal*,3, 7-10
4. Blazer D.G. (2015). The Psychiatric Interview of Older Adults. In Steffens, Blazer & Thakur (Ed.), *The American Psychiatric Publishing Textbook of Geriatric Psychiatry* (pp.89-106). Arlington, USA: American Psychiatric Publishing
5. Buhr G., Kuchibhatla M., & Clipp E. (2006). Caregivers' reasons for nursing home placement: Clues for improving discussions with families prior to the transition. *The Gerontologist*, 42: 487-496
6. Charles S.T., Mather M., Carstensen L.L. (2003). Aging and emotional Memory: The forgettable nature of negative images for older adults. *J Exp Psychol Gen*, 132 (2),310-324
7. Clément J.P., Léger J.M. (1996). Clinique et épidémiologie de la dépression du sujet âgé. En *Les dépressions du sujet âgé* (19-30). Paris, Francia: Acanthe-Masson



8. Evans & Mottram (2000). Diagnosis of Depression in Elderly Patients. *Advances in Psychiatry Treatment*, vol 6, pág 52
9. Fernández-Garrido J, Ruiz-Ros V, Buigues C, Navarro-Martinez R, Cauli O. (2014). Clinical features of prefrail older individuals and emerging peripheral biomarkers: a systematic review. *Arch Gerontol Geriatr.*;59(1): 7-17
10. Fried LP, Tangen CM, Walston J, et al. (2001). Frailty in older adults: evidence for a phenotype. *J Gerontol A Biol Sci Med Sci.* ;56(3), 146-157
11. Gil P. (14 de Abril 2011). Fragilidad y deterioro cognitivo. Siete días médicos. *Revista de Atención Primaria: Anciano Frágil*. Recuperado de <http://www.sietediasmedicos.com>
12. Hanson A.R., Scogin F. (2008). Older adults' acceptance of psychological, pharmacological and combination treatments for geriatric depressions. *J Gerontol B Psychol Sci Soc Sci*, 63 (4), 245-248
13. Kaiser R.M. (2015). Physiological and Clinical Considerations of Geriatric Patient Care. In Steffens, Blazer & Thakur (Ed.), *The American Psychiatric Publishing Textbook of Geriatric Psychiatry* (pp.33-59). Arlington, USA: American Psychiatric Publishing
14. Katz I.R. (2004). Depression and frailty: the need for multidisciplinary research. *Am J Geriatr Psychiatry.*;12(1):1-5
15. Kennedy G.J., (2015), *Geriatric depression. A clinical guide*. New York, USA: The Guilford Press
16. Leng S.X., Cappola A.R., Andersen R.E., et al. (2004). Serum levels of insulin-like growth factor-I (IGF-I) and dehydroepiandrosterone sulfate (DHEA-S), and their relationships with serum interleukin-6, in the geriatric syndrome of frailty. *Aging Clin Exp Res.* 2004;16(2):153-157
17. Meyers B.S., Kalayam B.V., Mei-Tal V. (1984). Late-onset delusional depression: a distinct clinical entity? *J Clin Psychiatry*, 45: 347-349
18. Reuben D.B. (2003). Principles of geriatric assessment, in Hazard W.R., Blass J.P., Hakter J.B. (Ed.), *Principles of Geriatric Medicine and Gerontology*, 5th Edition pp99-110. New York, USA: McGraw-Hill
19. Vaughan L., Corbin A.L., Goveas J.S. (2015). *Clinical Interventions in Aging*; 10, 1947-1958
20. Windle G., Markland D.A., Woods R.T. (2008). Examination of a theoretical model of psychological resilience in older age. *Aging Ment Health*, 12 (3), 285-292
21. Yaffe, K. Fox P., Newcomer R., Sands L., Lindquist K., Dane K., & Covinsky K. (2002). Patient and caregiver characteristics and nursing home placement in patients with dementia. *Journal of American Medical Association*, 287 (16): 2090-2097

Bio

2.3 A intervención social

RELATORA → [María Jesús Goikoetxea](#)
Profesora de Ética e Bioética
Universidade de Deusto (Bilbao)

1. Introducción.

Intervención social e persoas maiores

En xaneiro de 2016 a poboación española maior de 65 anos era o 19,1 % (INE,2016). Para o 2026 espérase que a proporción de cidadáns maiores en España sexa do 21 %, é dicir, 11 millóns (Arias e Morales, 2007) e aumenta en maior medida a proporción de octoxenarios que agora representan o 5,7 % de toda a poboación. Segundo estimacións de Nacións Unidas, no ano 2050 as persoas maiores de 79 anos serán o 9,5 % da poboación dos países desenvolvidos e o 3,5 % nos países en vías de desenvolvemento (Imsero, 2012). Este fenómeno vinculado claramente á mellora da calidade, e consecuentemente á esperanza de vida no noso medio, é o que se vén denominando “envellecemento do envellecemento”.

Arredor do 80 % deste grupo confórmano persoas que poden desenvolver un actividades básicas da vida diaria (ABVD). As súas necesidades dependen fundamentalmente do estado de saúde —entendida esta en sentido amplo—, nivel de dependencia e capacidade económica. Os apoios familiares e sociais con que contan e as características da contorna no que vivan (accesibilidade etc.) terán unha incidencia directa na súa calidade de vida.



O grupo de persoas maiores que precisan de axuda para as ABVD (ese 20 % dos nosos/as maiores ao que aludiamos) supón ao redor do 80 % do conxunto de persoas en situación de dependencia. En canto ao perfil por idade dos beneficiarios, o 70,97 % teñen máis de 65 anos. En concreto un 17,92 % teñen unha idade comprendida entre os 65 e 79 anos, mentres que un 53,05 % supera os 80 anos de idade.

Os servizos sociais teñen como finalidade última a incorporación social en condicións de igualdade de todas as persoas (Fantova, 2016). Iso supón desenvolver, no caso das persoas maiores, políticas sociais e socio-sanitarias nunha dobre dirección:

- Atender e satisfacer as necesidades xeradas polos seus déficits a través dos apoios necesarios para as súas actividades da vida cotiá, evitando así o dano e o sufrimento xerado por unha vulnerabilidade non protexida.
- Posibilitar o mantemento da súa condición de cidadanía, a través do establecemento de políticas de participación social eliminando as barreiras físicas e culturais que a impiden e facilitando a súa incorporación.

Creemos que na primeira vertente, máis desenvolvida nesta exposición, dado o contido desta xornada, o modelo eticamente correcto, por recoñecer a dignidade e os dereitos das persoas maiores, é o modelo de atención integral e centrada na persoa, que obviamente deberá de procurarse en intervención realizadas sempre que sexa posible, na propia comunidade da persoa maior, a través de políticas de proximidade que non provoquen o enfraquecemento da súa rede social.

A segunda está a ser desenvolvida, aínda que incipientemente, a través das políticas de envellecemento activo que inspiradas no modelo de dereitos que nace coa Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, pre-

Bioética

tende xeneralizar o recoñecemento destes nas persoas maiores, a través de proxectos como cidades amigables cos maiores, encontros interxeracionais, consellos de persoas maiores etc.

2. Unha correcta comprensión da dependencia humana

Para o desenvolvemento dunha fundamentación ética correcta da intervención social coas persoas maiores dependentes, consideramos imprescindible comezar por liberar a dimensión dependente do ser humano da súa carga negativa. As capacidades chamadas propiamente humanas como o razoamento, a liberdade e a responsabilidade, a sensibilidade e os afectos, concorren nunha “corporalidade vulnerable e suxeita a aflicións” (MacIntyre, 2001 p. 20; Nussbaum, 2002; Etxeberria 2008; Etxeberria, 2012). A nosa estrutura humana relacional sofre unha “desprotección natural”, individual e como especie, que pode ser considerada positiva pois posibilita ser axudados e suplementados a través de relacións que nos capacitan como seres autónomos e responsables (Del Río, 1992).

Segundo a clasificación de MacIntyre (2001) distinguimos no humano necesidades ou carencias que hai que satisfacer para desenvolvernos como persoas autónomas, e déficits que provocan incapacidades temporais ou permanentes que requiren coidados para evitar dano e apoios para poder levar adiante as actividades da vida cotiá. Chamaremos a estas segundas discapacidades, pero é moi importante comprender ben o dito termo para establecer modelos correctos de coidado e atención ás persoas que as presentan.

Ata ben entrado o século XX a resposta ás persoas con discapacidade en situación de dependencia era a atención a persoas consideradas “deficitarias”

1 Bioética

na súa humanidade e consecuentemente na súa dignidade. Coa aparición do modelo biopsicosocial emerxe a conciencia da influencia do medio social na experiencia humana de discapacidade, e consecuentemente a esixencia ética de modificar as condicións da contorna para lograr a integración social destas persoas en condicións de igualdade. A OMS utiliza o termo “discapacidade” para denominar a un fenómeno multidimensional, resultado da interacción das persoas coa súa contorna física e social, que pode manifestarse nos seguintes niveis: o nivel das deficiencias en órganos ou funcións propias da persoa; o da limitación na actividade ou disfunción que pode xerar, ou non, esa deficiencia en virtude de que existan, ou non, os apoios necesarios dispoñibles; e o das restricións na participación, ben na participación na toma de decisións sobre a propia vida, ben na participación na vida social (WHO, 2002).

Comprender a discapacidade biopsicosocialmente e as responsabilidades de atención e coidado na lóxica da interdependencia, modifica o modo de relación establecida para a intervención, superando modelos paternalistas e verticais por modelos relacionais deliberativos que inclúen os valores e responsabilidades tanto de coidadores como das persoas coidadas, ambos os suxeitos que deben ser escoitados para establecer os plans de atención e coidado.

Así, cuestiónase calquera sistema social ou de coñecemento que fomente a distinción equívoca entre os necesitados e os autosuficientes, pois a dita distinción susténtase na consideración das persoas en situación de dependencia permanente para levar adiante as actividades da súa vida diaria, como obxectos (e non suxeitos) da acción moral.

A dependencia, por necesidade temporal ou permanente, é unha continxencia natural con cuxa concorrencia posible debemos contar na nosa vida individual e na nosa organización social para desenvolvernos como propiamente humanos. Os outros non son algo accidental, son o recurso necesario para o

ética

desenvolvemento integral como persoas. A polis é o lugar de protección onde é posible preservarse dos perigos e obter os recursos necesarios para o desenvolvemento persoal. Por iso, só cando o dependente sofre unha situación de exclusión ou marxinalidade é cando se dá o risco de dano e o sufrimento. Cando na cidade, a relación cos outros, obxectiva ou intersubxectiva, aumenta a fragilidade, a nudez, a incapacidade, a experiencia de non-valer, agrávase o sufrimento ou a posibilidade de sufrir. Mentres formemos parte dun *solidum*, dun “todo” constituído por interdependentes vinculados para un desenvolvemento en benestar, o carencial non é ameaza senón oportunidade. Mentres a “solidariedade” sexa o vínculo que fundamenta ese todo común poderemos ser máis ou menos dependentes ou independentes pero a nosa capacidade humana e humanizadora estará asegurada. (Etxeberria, 2003)

Establecida a fundamentación antropolóxica do ser humano como ser interdependente e autoinsuficiente cunha estrutura biolóxica que o posibilita para a autoconciencia e a responsabilidade, imos centrar neste traballo só naquelas situacións de dependencia (temporais ou permanentes) xeradas pola diminución das capacidades da persoa, que requirirán apoios e coidados prolongados (formais profesionalizados e/ou informais), ben para a xestión da propia vida privada, ben para a participación cidadá en condicións de igualdade. Entre esas persoas haberá algunhas que, con máis ou menos apoios, que sen dúbida será esixible procurar, poderán ser responsables das súas decisións e das súas accións. Outras, con todo, poden ter limitada capacidade para algunhas decisións.

O artigo 2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (LPAAD), desenvolve a definición do Consello de Europa e di que dependencia é un “estado de carácter permanente en que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra

Bioética

ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal”.

3. Os dereitos das persoas maiores en situación de dependencia: o modelo de envellecemento activo

Aínda que non todas as persoas con discapacidade son dependentes en sentido estrito (pois a súa discapacidade pode ser vivida sen necesidade de apoios permanentes), nin todas as persoas dependentes teñen unha discapacidade (o exemplo máis evidente é un menor) existe un número importante de persoas maiores dependentes segundo a definición da Lei 39/2006 que ademais teñen unha discapacidade, que é a que determina en gran medida a necesidade de desenvolver a autonomía ou atender as necesidades básicas desa persoa na súa vida cotiá. Por iso creo que é de grande interese desde o punto de vista ético recoller brevemente a achega da Convención da ONU para as persoas maiores dependentes en canto ás obrigas éticas que universaliza para a súa atención socio-sanitaria.

A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, adoptada en Nova York o 13 de decembro de 2006 no marco das Nacións Unidas, institúe o paradigma ou modelo dos dereitos. Abandónase así, a consideración da persoa con discapacidade, no noso caso persoa maior, como obxecto de políticas asistenciais ou programas de beneficencia ou caridade e recoñécese a súa condición de suxeito de dereitos, con atención a todas as etapas e esferas da vida. Non é unha etapa máis no proceso de garantía da xustiza e os dereitos das persoas con discapacidade, senón a primeira resposta normativa en clave de dereitos de carácter integral, universal, xuridicamente vinculante e aplicable.



A convención supón a esixencia de recoñecemento en igualdade que aparece xa no preámbulo da convención e confírmanse na ambiciosa declaración do parágrafo primeiro do seu artigo 1: “O propósito da presente convención é promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade, e promover o respecto da súa dignidade inherente”.

Os trazos dos dereitos converten este modelo a xuízo do profesor Seoane, no máis adecuado para alcanzar un tratamento xusto das persoas con discapacidade. (Seoane, 2011) Un primeiro trazo é a súa universalidade. Os dereitos humanos recoñécense en razón da condición de persoa e reflicten e garanten valores de forma universal. A súa validez moral, o seu carácter fundamental, a súa esixibilidade e a súa prioridade son outros trazos que revalidan a idoneidade deste modelo. Os dereitos humanos identifican, enuncian e garanten as condicións básicas dunha vida digna en forma de pretensións xustificadas e esixibles a través da súa tripla dimensión: moral, xurídica e política. Por último hai outros dous trazos deste modelo que son importantes: dunha parte, o seu carácter prestacional que esixe ademais do recoñecemento os medios e accións positivas para o seu exercicio; doutra, o seu dobre carácter obxectivo institucional e subxectivo ou persoal.

Deste xeito, a convención proclama e garante a condición de cidadanía das persoas con maiores con discapacidade tal e como apunta Etxeberria (2011). É considerado cidadán o que ten o gozo e as responsabilidades do conxunto dos dereitos.

A pesar de que a Convención da ONU foi ratificada en 2008 polo Estado español, a realidade é que a redución das persoas maiores con autonomía limitada e en situación de dependencia ás súas deterioracións físicas e cognitivas segue sendo habitual, o mesmo que o seu confinamento en institucións afastadas da

ca

súa comunidade onde se aplican modelos que se apoian na súa consideración como “carga” ou “disvalor” (Etxeberria, 2003) que nada poden achegar á construción social e que perderon a súa condición de cidadás. É por iso que a aplicación das normativas estatais e autonómicas ao colectivo de persoas maiores dependentes segue un catálogo de prestacións centrado fundamentalmente na valoración das súas características e limitacións para o seu funcionamento básico que non inclúe a súa participación na vida social.

A Carta de San José sobre os dereitos das persoas maiores de América Latina e o Caribe (CEPAL-ONU 2012) é o maior avance no modelo de dereitos con relación ás persoas maiores. Cabe mencionar tamén como interesantes a Carta de dereitos das persoas maiores de Europa elaborada pola Asociación Europea para o Benestar das Persoas Maiores en Europa (EURAG, 1975,) así como as cartas de dereitos das persoas maiores vixentes en Reino Unido, Irlanda ou Bélxica. Así mesmo a plataforma AGE, Plataforma Europea para as Persoas Maiores que agrupa a 150 organizacións europeas de persoas maiores elaborou unha Carta europea dos dereitos e as responsabilidades das persoas maiores que necesitan atención e asistencia de longa duración (AGE 2001) que insiste na obriga de preservar a autonomía nas decisións e a participación social, recibindo os apoios necesarios para iso.

O impulso para o recoñecemento dos dereitos das persoas maiores está fundamentado no modelo do “envelhecimento activo” de gran desenvolvemento neste momento. Este modelo foi desenvolvido polo Programa de envelhecimento e ciclo vital da OMS como contribución á Segunda Asemblea Mundial de Nacións Unidas sobre o Envelhecimento, que tivo lugar en abril do 2002 en Madrid. (WHO, 2002).

O envelhecimento activo é o proceso de optimización das oportunidades de saúde individual e grupal, participación e seguridade co fin de mellorar a cali-

Bic

dade de vida a medida que as persoas envellecen. Para iso propónse potenciar por unha banda o benestar físico, social e mental ao longo de todo o ciclo vital (entende o envellecemento como un proceso que dura toda a vida) e por outro fomentar a participación na sociedade de acordo coas súas necesidades, desexos e capacidades, mentres que se lles proporciona protección, seguridade e cuidados adecuados cando necesitan asistencia.

O modelo asume claramente a interdependencia como fundamento da construción social e a participación na dita construción como necesaria para todas as persoas sexa cal sexa a súa situación e grao de dependencia. “O termo «activo» fai referencia a unha participación continua nas cuestións sociais, económicas, culturais, espirituais e cívicas, non só á capacidade para estar fisicamente activo ou participar na man de obra. As persoas anciás que se retiran do traballo e as que están enfermas ou viven en situación de discapacidade poden seguir contribuíndo activamente coas súas familias á construción social se contan con apoios para iso. O envellecemento activo trata de ampliar a esperanza de vida saudable e a calidade de vida para todas as persoas a medida que envellecen, incluíndo aquelas persoas fráxiles, discapacitadas ou que necesitan asistencia” (OMS 2002, p. 99).

Incorpórase así o modelo biopsicosocial ás políticas de envellecemento e a dimensión comunitaria e de proximidade á atención ás persoas maiores, desde a conciencia de que a persoa maior, sexa maior ou menor a súa dependencia ou fragilidade, segue sendo cidadá tanto na súa vida privada como a nivel público (social ou político). A dita cidadanía estará aberta mentres poida ás súas dúas vertentes: a receptiva que lle dá dereito a recibir os recursos necesarios para satisfacer as súas necesidades e manter ou desenvolver as súas capacidades, e a activa que remite ao seu dereito de participación social e de asunción das responsabilidades socio-políticas.



4. As obrigas éticas na atención e coidado ás persoas maiores en situación de dependencia: o bo trato

Aclarado que a dependencia é unha característica constitutiva de todos os humanos, e consecuentemente, a interdependencia a maneira principal de establecer relacións en sociedades humanas e humanizadoras, a proposta que a continuación se presenta non difire no substancial da que propoñeríamos para calquera outra relación de bo trato entre persoas, é dicir para calquera relación que sexa boa por ser respectuosa coa nosa condición de seres con dignidade.

A proposta ímola estruturar distinguindo a orientación teleolóxica da ética que persegue a felicidade e a autorrealización de toda vida humana, neste caso a das persoas maiores en situación de dependencia, e a deontolóxica que pretende establecer deberes universais, obrigas que con carácter normativo aseguren en xustiza unha vida digna.

É certo que algunhas condicións que frecuentemente se dan nas persoas en situación de dependencia, requiren esixencias deontolóxicas específicas de carácter profesional e institucional, e tamén que os modos de relación cotiá requiren unha maior esixencia dalgunhas virtudes que equilibren a vulnerabilidade, e o risco de humillación e estigmatización que pode xerar a asimetría entre as discapacidades e as capacidades dalgunhas persoas destinatarias do coidado. Vexamos algunhas destas especificidades:

- A persoa maior en situación de dependencia para poder levar a cabo as súas actividades básicas da vida diaria (ABVD) adoita necesitar, frecuentemente, que os seus coidadores accedan a espazos de gran privacidade ou intimidade (corporalidade espida, hixiene persoal, habitación e obxectos privados, información confidencial...). É por iso, polo que a dita relación de

Bioética

coidado, se a persoa é moi dependente a nivel funcional, esixe establecer previamente relacións de confianza fundada que eviten danos producidos pola invasión de estraños nos ditos espazos de privacidade, onde as persoas somos moito máis vulnerables que en ámbitos públicos. O dano producido por mal trato en ámbitos privados, cando a expectativa é de confianza (condutas como humillación, o desprezo... ou outras similares) xera un maior sufrimento na persoa.

- Nalgunhas ocasións, a persoa maior en situación de dependencia ten, temporal ou definitivamente, limitada a súa autonomía decisoria ou capacidade de autogoberno de tal modo, que mesmo con apoios e modificacións da contorna, non pode tomar decisións responsables sobre a súa propia vida nalgúns momentos ou nalgúns aspectos desta. Nestes casos, a responsabilidade dos coidadores, especialmente os seus representantes (familiares ou non) é decidir no “maior beneficio” da persoa coidada, o que en ocasións non é fácil de determinar. Ás veces, pódese xerar un conflito entre os beneficios (obxectivos ou subxectivos) da persoa coidada e os valores do coidador. Nestes casos, propoñemos a deliberación ética como o modo correcto de decidir, asegurándonos que estean representadas na deliberación todas as perspectivas e intereses dos implicados e afectados pola decisión.
- É frecuente que nas relacións de coidado se dean intervencións profesionais. Os profesionais teñen obrigas éticas específicas como a esixencia de formarse en competencias e adquirir habilidades que aseguren a práctica de intervencións validadas cientificamente, é dicir, con coñecemento das consecuencias obxectivas (certas ou probables) que destas se poidan derivar. Ademais no caso de prestar a súa atención e/ou asistencia a persoas maiores con autonomía decisoria limitada terán unha posición de garante dos dereitos desas persoas e protexerana naquelas situacións que elas mesmas ou ben outras terceiras persoas puidesen facerlles dano, sexan conscientes ou non deste.

1 Bioética

- En non poucas ocasións o coidado realízase, polo menos en parte, en institucións ou ámbitos con profesionais representantes do Estado pola súa condición de funcionarios públicos (ou contratados homologados con este perfil). Neste caso non se pode esquecer que as ditas institucións e os seus profesionais teñen unha maior obriga ética e legal de garantir a protección dos dereitos das persoas anciás en situación de dependencia atendidas nelas, considéranse, como veremos, un modo de mal trato por omisión, a desprotección ou o desamparo das persoas, especialmente se a súa autonomía decisoria está reducida e non poden reclamar por si mesmas os seus dereitos: a dita obriga inclúe facilitar apoios para facer efectiva a igualdade de oportunidades no acceso aos bens públicos propoñendo modos de atención que non exclúan a persoa da súa contorna, senón que faciliten a proximidade e as relacións interpersoais significativas.
- O conxunto dos aspectos anteriores pode provocar unha tendencia ao paternalismo que debe de ser compensada ou equilibrada desde o polo oposto do recoñecemento da autonomía e a responsabilidade moral da persoa maior en situación de dependencia, que, non o esquezamos, é un suxeito moral en circunstancias concretas, que acrecenta as súas potencialidades se se lle ofrecen os recursos necesarios para iso (Etxeberria, 2005) como pode ser información adecuada e comprensible, eliminación de coaccións internas ou externas etc.
- Por último, é maioritario o número de casos de persoas anciás en situación de dependencia que requiren coidados prolongados durante moito tempo (en ocasións anos ou toda unha vida) e en múltiples esferas da súa vida persoal. Esta situación de coidados prolongados obriga a desenvolver aínda máis que noutros ámbitos (por exemplo, o sanitario) a dimensión aretolóxica ou felicitante da ética que se concreta no trato diario, na creación de espazos amigables e privados (e non institucionalizados), no modo de relación, nas actitudes e virtudes dos compoñentes desta. O benestar e a

ética

dignidade dunha persoa que debe de ser coidada, ou atendida, en moitos aspectos persoais da súa vida diaria esixe o recoñecemento da súa dignidade nunha identidade concreta e diferenciada que é estimada e apreciada na cotidianidade dun espazo persoal e xeralmente privado. Esta apreciación da persoa en situación de dependencia non debe ir en detrimento do seu recoñecemento como suxeito de dereitos que non poden ser conculcados, senón que debe de ser visibilizados e esixidos ao mesmo nivel que para o resto da cidadanía.

4.1. → Enfoque deontolóxico para o bo trato ás persoas maiores en situación de dependencia

